

Lugo mira cara o futuro

O Concello está sumerxido en grandes proxectos urbanísticos mentres outros seguen bloqueados

- ▶ Urbanización da esquina de San Roque
- ▶ Pavimentación de Quiroga Ballesteros
- ▶ Melloras no parque Rosalía
- ▶ Centro de saúde no Sagrado Corazón
- ▶ Creación da rotonda de San Eufrasio
- ▶ Novo centro social en Lamas de Prado



Este foi un ano de impulso de numerosos proxectos urbanísticos que buscan potenciar a cidade e poñela no século XXI. A peonalización da Ronda Muralla, a construción dunhas termas ou mesmo dun barrio multiecolóxico son algúns dos exemplos máis visibles esta tempada. Pero mentres estes proxectos seguen cara adiante, outros de grande impacto, como a intermodal, a praia fluvial, o auditorio ou a retirada das torres do Garañón seguen atragoadas en diferentes trámites burocráticos causados moitas veces pola falta de entedemento das administracións. **Pax. 2-5**

cultura. Arde Lucus Cultural terá actividades en maio e xuño. **Pax. 6**

reportaxe. O baile adaptación aos novos tempos da covid. **Pax. 8**

economía. O Concello habilita tres millóns de euros en axudas. **Pax. 12**

zona rural. Reactívase a programación sociocultural das parroquias. **Pax. 13**

sociedade. Abren de novo os centros cívicos da cidade. **Pax. 14**

obras. Desbloqueado o Plan Paradai coa firma dun convenio. **Pax. 18**

deportes. Luis Vilariño participará no Campionato Europeo de Rally. **Pax. 28**

Lugo Máxico volve a finais de mes




Será a XVIII edición con 24 actuacións de balde. **Pax. 10**

Nova Semana de Música do Corpus



Comezará o día 22 ata o 5 de xuño con 8 concertos. **Pax. 6**

Un lucense chega ao abismo



O primeiro en baixar á fosa das Marianas. **Pax. 15**

Abre o prazo para pedir os bonos Impulso da Deputación

Xa está aberto o prazo para adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalería da

provincia. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalaría e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. **Pax. 20**

LLÁMANOS

ENAMÓRATE
DE TU
HOGAR

698 119 445

GRUPO

XATOBAX



XESTIÓN

servicios inmobiliarios

@grupoxatoba

@inmobiliarialugo

Grupo Xatoba Xestión

www.xatobaxestion.com

Ronda da Muralla, 5 Bajo (27001 - Lugo)

A FONDO

Deseñando o Lugo do futuro

O Concello está inmerso en diferentes fases de grandes proxectos urbanísticos que buscan a mellora e transformación da cidade

Ao igual que acontece coas grandes obras que permanecen no tempo, Lugo está inmerso nun traballo que levará á cidade cara o futuro, ó progreso e a súa continua modernización. Con esta filosofía os grandes proxectos atravesan por diferentes fases, dende o deseño á execución.

RONDA DA MURALLA

A ronda da Muralla está en continúa transformación, e destaca a súa futura peonización por tramos e outros cambios. Xa está en proceso a construción dunha beirarrúa entre a rúa Santiago e a rúa Vilalba e a redución a un único carril para o tráfico rodado.

Trátase dunha zona situada a carón da muralla que case non tiña uso peonil, e na que os vehículos pasaban pegados ao monumento. Anulouse un carril de circulación ao tráfico rodado, aumentando o espazo peonil arredor do monumento. A mellora deste treito permitirá transformar o entorno da Ronda da Muralla, non só aumentando o espazo peonil, senón renovando a zona da Porta de Santiago dando unha mellor estética ao punto da cidade no que se xuntan os tres Patrimonios da Humanidade.

Ademais porase 9 luminarias LED tipo RGB, que permitirán unha iluminación ás distintas horas e á luminosidade do día. En canto á circulación do tráfico os vehículos contarán con maior fluidez, xa que se modificará o cruce da Ronda da Muralla coa rúa Santiago. O cruce pasará de ter o actual semáforo de 3 tempos a contar con preferencia no tráfico que circule pola Ronda, tendo un Ceda o Paso os vehículos que se acheguen pola rúa Santiago. Ademais contéplase a peonización dun novo tramo da ronda, a zona da Mosqueira. O proxecto xa foi adxudicado en novembro e contan que marque o camiño para futuras peonizacións.

Á espera do inicio das obras, implicaría un cambio da circulación rodada cambiando o sentido do tráfico nas rúas Cidade de Vigo, Anxo López Pérez e Madariaga, para actuar coma unha gran rotonda as construcións do Seminario Menor, o Vello Cárcere e a Estación de autobuses.

CALDAS TERMAIS

Lugo contará coas Caldas do Miño, un novo equipamento de uso público que permitirá non só impul-



O proxecto das caldas, a Ronda da Muralla e o novo pavillón de Lugo

sar as actividades a desenvolver na contorna fluvial, senón que a cidade gañe un novo recurso cultural, de recreo e turístico.

O proxecto, que está aínda só sobre o papel, dotará á cidade duns baños públicos con auga quente facendo unha chiscadela ás termas e, polo tanto, á historia cultural da cidade, aínda que non teñen un fin socio-sanitario por non tratarse de augas mineromedicinais se non que proveñen da traída e acondicionáronse termicamente para o seu goce.

O equipamento situarase nunha extensión de case 400 m² dentro dunha parcela de 84.000 m² situada ao carón do Pazo de Feiras, na avenida Fábrica da Luz, e á altura do Club Fluvial.

As instalacións foron proxectadas seguindo os máximos parámetros de eficiencia enerxética, de acordo ao modelo de cidade polo que aposta o Goberno local. Así, estarán compostas por 4 piscinas de auga quente – cunha profundidade de entre 60 e 90 cm –, dotadas dunha manta térmica removible que as protexerá fronte á intemperie para evitar perdas enerxéticas e previr caídas durante o horario de peche, e dous pediluvios de auga fría, sumando unha superficie aproximada de lámina de auga de 150 metros cadrados.

Cada unha das pozas, con aforo para 50 persoas en uso simultáneo, terá unha forma e dimensión diferentes e o recinto contará cun edificio dun-

Senda verde ciclista que conecta oito barrios



Lugo terá un novo corredor de 14 quilómetros de carril bici, que será a primeira senda verde ciclista da cidade, e cuxo itinerario permitirá percorrer e completar un círculo, de oeste a este e de norte a sur, transcorrendo por 8 barrios da zona DUSI: Paseo do Miño, Parque Rosalía, Ronda do Carme, Fonte dos Ranchos, Lamas de Prado, Abella, A Residencia e Camiño Real. O eixo principal que conforma este proxecto conecta a zona fluvial do Río Miño nas inmediacións da Ponte Romana coa parte norte da cidade, á altura da rúa Dona Urraca, pasando polas rúas Pintor López Guntín, Portugal, Río Ulla, Azalea, Ronda do Carme, Rúa Santiago e Paseo do Miño.

Este trazado complementase con outros eixos perpendiculares, un deles por Xulia Minguillón e Río Ser, outro por Lamas de Prado, e outro por Marqués de Ombreiro, campo de fútbol Anxo Carro, Pazo de Feiras e Congresos e pasarela de San Lázaro, dando conexión ao percorrido coa marxe oposta do río.

Ademais, a zona da Abella quedará conectada coa zona da Residencia, ata a Fonte dos Ranchos, onde engancha co eixo principal. Tamén se conectará a Ronda da Muralla coa Rúa Mazaira a través da rúa Camiño Real, así como Avda. Doutor García Portela e as costas do parque Rosalía coa Rúa Santiago.

ha planta e con cuberta axardinada para albergar un atrio, vestiarios, aseos e os equipos de aerotermia. A aerotermia será a forma de queantar as instalacións porque é o máis rendible desde un punto de vista da eficiencia enerxética reducindo a mínimos a pegada de carbono. A nova infraestrutura poderá ser empregada por toda a cidadanía, incluídas as persoas con diversidade funcional ou dificultades de mobilidade xa que dispón de itinerarios accesibles e un dos vasos está adaptado cunha rampla de acceso.

NOVO PAVILLÓN

Concello, Deputación e Xunta con-financiarán o novo pavillón multidisciplinar da cidade, co que o executivo municipal pretende dar cobertura á elevada demanda de instalacións deportivas na capital e do que aínda non comezaron os

traballos de construción.

O proxecto Lugo Sport Life estará situado na contorna do barrio multicolóxico da Garaballa, ao carón da rúa Veiga Grande fronte o centro comercial As Termas e contará cun polideportivo de 3.490'60 m² e disporá dunha pista central multifuncional, catro vestiarios e zonas de almacenaxe, adecuadas para competicións de fútbol sala, baloncesto, balonmán, minibasket, voleibol, bádminton, ximnasia rítmica e outros deportes de interior. Tamén contará cunha zona de recepción e un espazo de carácter social e con bancadas retráctiles que lle aportarán gran versatilidade ao recinto que terá unha capacidade de aforo para 1.000 persoas.

O aspecto exterior do polideportivo respectará unha liña contemporánea no que a madeira – como sucede co edificio Impulso Verde – será a protagonista en prol da sustentabilidade e do aforro enerxético.

PASARELA

A montaxe da estrutura da pasarela peonil sobre a N-VI concluíu o luns 3 maio coa colocación do último treito da rampla de acceso.

Logo destas obras a empresa encargada da súa construción procederá á colocación dos pasamáns e á instalación do alumbeado así como á urbanización e humanización dos exteriores.

Esta nova dotación pretende habilitar un novo itinerario para peóns e bicicletas, favorecendo a continuidade do casco urbano co río Miño, diminuíndo a dependencia do uso do vehículo e incrementando a seguridade e a comodidade das e dos viandantes ao tempo que se atende unha vella demanda da cidadanía lucense. Tamén servirá para romper a barreira que supón a variante que trascorre paralela ao río.

BARRIO MULTIECOLÓXICO

O edificio Impulso Verde formará parte do Barrio Multiecolóxico do LIFE Lugo + Biodinámico, un proxecto que se desenvolverá



Xa comezaron os traballos de ampliación do polígono das Gándaras

na Garaballa. Este barrio buscará garantir a inclusión e a equidade social e interxeracional, así como promover a saúde e o benestar mediante o desenvolvemento dunha aldea urbana que aplique solucións medioambientais.

As solucións que se prevén desenvolver van dende a recollida de auga de choiva para a súa reutilización, por exemplo no rego das

zonas verdes, ata a implantación dun sistema propio de reutilización da fracción orgánica do lixo. No deseño das edificacións esixírase a inclusión de criterios bioclimáticos e de eficiencia enerxética, e contará con medidas para a xeración de enerxía renovable, o fomento da mobilidade sostible, o uso de materiais e tecnoloxías limpas e o aforro enerxético, orientando os viais, zonas verdes ou edificios para aproveitar o sol e os ventos dominantes.

POLÍGONO DAS GÁNDARAS

O DOG publicou a aprobación definitiva da modificación do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras que permitirá acometer a terceira fase de ampliación o que incrementará en máis de 67.000 metros cadrados este polígono para definir case 40 novas parcelas, cunha superficie media de 1.000 metros cadrados cada unha.

Están en marcha actualmente as obras de ampliación da segunda fase, que supoñen urbanizar case 90.000 metros cadrados máis de chan industrial.

Coa intervención habilitaranse dúas áreas -unha de maior tamaño, de 25.000 metros cadrados e outra de 8.990-, e unha zona de aparcadoiro de 20.000 metros cadrados para dispoñer máis de 380 prazas, que ascenden a 530 contando as dispoñibles nos viarios. Igualmente, construíranse unha praza pública que ocupará unha superficie de máis de 6.000 metros cadrados.

O polígono das Gándaras tivo unha importante demanda debido ao esgotamento do polígono do Ceao e volveu quedar pequeno xa que nel están situadas empresas de gran tamaño.

PASO N-VI

Vaise renovar e ampliar o paso subterráneo baixo a estrada nacional-VI así como a humanizar a súa contorna, por un importe de case 866.000 euros. O obxectivo destas actuacións é favorecer o acceso a

pé e en bicicleta á zona do río e ás instalacións e servizos que se atopan na zona fluvial dende o centro da cidade, reducindo o uso dos vehículos particulares e, polo tanto, as emisións de CO2 á atmosfera e a contaminación.

As obras contemplan a demolición do actual paso inferior, feito de formigón, e a execución dunha nova estrutura de paso cun gálibo horizontal e vertical máis amplos o que, segundo fontes municipais, "diminuirá o efecto túnel e farao moito máis agradable e seguro para o usuario, con perspectiva de xénero". Neste senso, dobrarase a anchura do paso subterráneo, pasando dos 4,5 metros actuais a 8 metros, e a altura será máis do do-

bre, pasando dos 2 metros actuais (nos extremos) a 5,3 metros.

Este paso servirá tamén para romper esa barreira que supón a nacional e que permitirá mellorar o barrio da Ponte que quedou interrompido pola peonalización da ponte romana.

SENDA PEONIL

Esta senda conectará a explanada situada ao norte da estrada nacional ata o hostal San Lázaro, con unión a Calzada da Ponte, un itinerario xa existente que, polas súas características actuais, resulta incómodo para os viandantes, especialmente na época de inverno, ao formarse charcos e zonas de barro. Para evitar este problema e mellorar a comodidade dos usuarios, levarase a cabo a súa pavimentación mediante unha capa de zorra de 20 centímetros, sobre a que se executará unha capa de 5 centímetros de pavimento drenante, adecuado ao tráfico peonil e ciclista, e aceptando o uso ocasional de vehículos. Este pavimento terá acabado en cor ocre ou terra.

O paseo peonil, de 335 metros de lonxitude, terá dous metros de ancho e na zona do terraplén da N-VI contará con murete de 0,5 metros de ancho na marxe dereita, revestido en pedra natural para a súa integración na contorna, para colocación da iluminación e sostemento de terras.



De arriba a abaixo, o paso inferior da N-VI, o edificio Impulso Verde da Garaballa e a nova pasarela sobre a N-VI

A historia interminable da intermodal



Unha infografía da futura intermodal

O 4 de agosto de 2010, Fomento, o Concello e a Xunta asinaron un acordo para a construción da nova estación intermodal que integrará tren e autobús e que se situará no emprazamento da actual estación de tren. A obra abrirá as portas á chegada do AVE á cidade.

As obras, que segundo o ministro Ábalos no 2019, deberían comezar o pasado ano, están paralizadas pola continua falta de acordos. ADIF non pode construír a estación de tren sen que á vez a Xunta faga a de autobuses, na medida en que debaixo das 23 dársenas previstas vai un subterráneo que explotará comercialmente a empresa pública.

No proxecto, a nova estación de autobuses da intermodal de Lugo terá dous pisos e 550 m²; de superficie e un espazo para as dársenas.

O interior contará con espazos diáfanos nos que se atoparán as zonas de atención a viaxeiros e a cafetería, mentres que o piso superior destinarase a usos administrativos e instalacións da xerencia da terminal. Sería unha gran terminal que facilitaría o acceso e tamén o intercambios de medios de transporte. A súa construción implicaría a desaparición da estación de autobuses do centro para deixar un gran espazo público, pero con todo o deseño feito, non chega o tempo de comezar.

... sen olvidar as tarefas pendentes

Varios proxectos quedaron suspendidos no tempo ou mesmo paralizados nalgunha das fases causando o feísmo urbanístico

Lugo é a cidade dos plans que non se levan acabo xa que conta con innumerables obras e tarefas pendentes co paso dos anos. O Goberno local ten a responsabilidade directa ou indirecta de que as instalacións públicas existentes no municipio estean en perfecto estado, para que poidan ser empregadas por todos os lucenses de forma segura e con tranquilidade.

GARAÑÓN

O 4 de febreiro a Audiencia Provincial de Lugo decretou o arquivado da causa do Garañón, a investigación que iniciara a xuíza Pilar de Lara sobre un suposto caso de corrupción urbanística en relación coa construción das torres situadas nas inmediacións do parque Rosalía na capital lucense. A alcaldesa de Lugo anunciaba no 2017 que reservaría unha partida de 300.000 euros do orzamento local co obxectivo de demoler canto antes as torres, aínda que anos despois daquel anuncio, os dous esqueletos de ladrillo continúan alterando a visión do principal espazo verde da cidade. Ademais do feísmo, a zona púxose de actualidade polo perigo que supón para mozos que acuden a facer botellón no seu interior.



De arriba a abaixo, a Fábrica da Luz, un punto de aluguer de bicicletas, paso inferior da N-VI, o cuartel de San Fernando e as torres do Garañón

CONEXIÓN CO RÍO

Unha das queixas máis habituais é a falta de conexión da cidade co Miño e tamén co barrio da Ponte, ben sexa en forma global con carrís bici, parques e roteiros ou doutro xeito. A zona do Miño Carrefour conta con dous tuneles que cruzan a estrada nacional-VI pero construíuse unha pasarela que conta cun percorrido de 400 metros cando polo paso inferior actual son 230 metros. Aínda que non está rematada a súa construción os accesos á mesma son perigosos e a solución non parece ao gusto de todos.

AUDITORIO

Orixinalmente o Auditorio ía estar no vello Cuartel de San Fernando, un proxecto do exalcalde García Díez que despois non saíu a diante. Máis tarde, Concello e Xunta acordaron descartar o auditorio en San Fernando e levalo á Acea de Olga. A obra, rematada no 2017, non quixo ser recollida polo Concello nun principio por deficiencias de construción, e despois por un amplo abano de excusas. En xuño do 2020, unha vez reci-

bido por parte do goberno local aínda seguían dando voltas polas supostas deficiencias do edificio e que se estimaban en 300.000 euros. Pero a día de hoxe continúa pechado e sen data de apertura. A falta de dotacións parece ser a última xustificación mentres a situación prolóngase no tempo e o edificio comeza a presentar xa o desgaste da vellez malia non estar aberto.

FÁBRICA DA LUZ

O proxecto da Fábrica da Luz naceu para recuperar un edificio histórico e quedou suspendido trala rehabilitación inmerso nunha maraña legal.

O Concello de Lugo non presentará recurso de casación fronte á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a Fábrica da Luz, na que se declara resolto o contrato da concesión da obra de recuperación e concesión da explotación da minicentral, unha actuación que foi contratada no ano 2008 e que se atopa paralizada e xudicializada desde o ano 2015. Con ánimo de minorar os custes económicos para o Concello, o goberno local procederá a executar a sentenza, e con ese fin pechou coa empresa adjudicataria un acordo transaccional polo que só pagará os intereses desde a notificación da sentenza ata a firma do citado acordo. Así, establécense dous pagos en

concepto de dano emerxente, un primeiro de 150.000 euros do citado acordo con INCA, e un segundo de 1,5 millóns antes do 1 de xuño do 2021. Quedaría pendente un terceiro pago, de 724.090 euros, En canto ao futuro da Fábrica da Luz, desde o goberno local lembran que a alcaldesa de Lugo xa anunciou en pleno que estará “en mans dos veciños” xa que o Goberno municipal abrirá un proceso de participación cidadá para que elixan cal será o proxecto final. O mesmo activarase unha vez que a sentenza sexa firme e o inmobile retorne ao Concello. O obxectivo é “pór en valor este espazo deteriorado polo paso do tempo debido ao proceso xudicial no que está inmerso, para goce da

ciudadanía ao ser un dos enclaves de maior beleza natural da cidade”, aseguran.

URBANISMO

A reforma do PEPRI é o máis importante dos asuntos pendentes relativos ao centro histórico. A normativa que afecta ao recinto amurallado é moi deficiente e está totalmente desfasada. Aínda que se podería comprender que teña tinguídas conservadoras (tendo en conta os bens para protexer) non pode converterse, como de feito pasou, nunha rémora no avance da zona. A rehabilitación de edificios no centro histórico é un pesadelo xu-

rídico para os promotores, o que está a conseguir o efecto contrario ao desexado: o abandono do centro. Os edificios sen veciños nin negocios están a aumentar alarmantemente, e aínda que é certo que hai grandes empresas que apostaron polo recinto amurallado, os requisitos e problemas son tantos que as familias e os pequenos autónomos vense moi desanimados á hora de rehabilitar as súas propiedades.

No ano 2014 o Pleno do Concello aprobou por unanimidade iniciar os trámites para a reforma do PEPRRI, algo que sete anos máis tarde aínda non se fixo.

Por outra banda Lugo conta cun amplo deterioro urbanístico con centos de casas abandonadas ou inmobles baleiros. Nalgúns barrios lucenses as queixas pola degradación das vivendas e o mal estado ou abandono dos solares baleiros o que provoca que as malas herbas crezan sen control.

PAVILLÓN DA OJE

Do PEPRI depende tamén a recuperación do vello pavillón da OJE, algo que podería ser moito máis accesible se se delimitase esa zona como dotacional deportiva. A asociación Lugo Monumental solicitou recentemente saber a quen pertence o coñecido como pavillón da OJE (Organización Juvenil Española) para expor a posibilidade de acondicionalo e usalo para a práctica do deporte ou a organización de actos. Unha parte da propiedade, algo menos do 50 %, corresponde á Xunta, en función das transferencias feitas no seu día, sendo o resto propiedade privada.

ANFITEATRO

A recuperación do anfiteatro do campus para actos culturais seguros plantexouse como unha posibilidade. Este anfiteatro, enclavado nun magnífico entorno verde e con vistas cara ao río, dispón dun escenario de 800 m² e de 2.500 prazas nas gradás, espazo de sobra para asistir a calquera repre-

sentación cultural, aínda que haxa que axustalo para manter as distancias interpersoais.

Conta cunha situación privilexiada na cidade, que permite baixar tanto a pé, como en bicicleta, vehículo particular ou bus. Ademais sitúase nunha zona cunha importante oferta de negocios de todo tipo, polo que a posibilidade de realizar neste anfiteatro actividades municipais suporía tamén un pulo para toda a hostalería da zona.

Pero dende que se inaugurou no ano 2000, este anfiteatro está en continua degradación polo que a día de hoxe presenta un aspecto ruinoso: lousas arrincadas, escaleiras estragadas, cristais polo chan, etc. En 20 anos, nin a Deputación, como propietaria, nin ningunha outra administración desta cidade foron quen de poñelo a funcionar.

CUARTEL DE SAN FERNANDO

O 3 de maio cumpriuse un ano do anuncio por parte do Concello de crear un museo da romanización neste edificio. O destino do antigo cuartel de San Fernando enfrontou ao goberno local coa Xunta, que se interesou por facer del un Parador, algo que resultou imposible porque o edificio é do século XVIII e está declarado Ben de Interese Cultural (BIC), o que obriga a manter a súa estrutura. O Concello de Lugo terá que volver comezar a buscar fondos para o proxecto de restauración do antigo cuartel de San Fernando xa que non recibirá o 1,5% dos fondos do plan do Ministerio de Transportes que axuda á recuperación de patrimonio.

CARRIL BICI

A avenida Ramón Ferreiro tivo un intento de ofrecer unha alternativa saudable e que axudaría a acougar o tráfico do centro. Foi no mandato do alcalde Joaquín García Díez, en 1995, cando se instalaron os primeiros carrís bici. Primeiro na Rolda de Fingoi (que aínda existe) e logo estendeuse por Pintor Corredoira, Armando



Imaxe do auditorio de Lugo

Durán, Rodríguez Mourelo, Ramón Ferreiro e avenida de Madrid. Pretendíase ofrecer un percorrido continuado desde o centro ata o campus, que emerxía con alumnos. En Ramón Ferreiro estaba o carril na marxe esquerda, cunha banda rugosa que separaba aos vehículos. Cando chegou o PSOE ao goberno local, o responsable de Tráfico, Fernández Liñares sinalou que o carril bici era perigoso e apenas tiña uso. O carril eliminouse no 2001 e o espazo foi ocupado polo sistema ORA. Hoxe en día Lugo necesita un carril que una a cidade pero parece que a senda verde non cumpre as expectativas para o centro.

ALUGUER DE BICIS

No 2007 o Concello de Lugo tratou de potenciar o uso da bicicleta como transporte alternativo na cidade. Así, a través do servizo Rebiciclate, puxo á disposición decenas de bicicletas para o seu uso gratuito. A finais de decembro de 2011 paralizouse este servizo. A día de hoxe Lugo non conta cun servizo municipal de aluguer de biciletas, pero si con estruturas abandonadas e sen as bicicletas.

CANEIROS

No Concello de Lugo atópanse moitos caneiros no río Miño, aínda que moi poucos se están en bo estado, mentres que algúns levan anos en ruínas e outros estanse a deteriorar tralas riadas dos invernos. De momento, non hai plans para restauralos, xa non só para a pesca senón tamén como zonas de baño.

Algúns como o do Muíño está roto dende a construción da ponte branca e o escaso caudal do río deixa ver que cada vez hai máis oco.

Mentres tanto, uns e outros gobernos falan da necesidade de

que a cidade mire ao río.

PARQUÍMETROS

En 2015 a alcaldesa anunciou a suspensión do servizo da ORA ata que o Concello adxudicase o novo contrato. Gracias a esta medida os lucenses e turistas poden aparcar na rúa sen que se lles aplique un "repago". O que si que non é bonito é atopar os parquímetros abandonados ou precintados pois afean a paisaxe urbana e proxectan unha imaxen de deixadez e abandono na cidade.

Os caneiros cuxo deterioro é máis visible son Miño son os que se sitúan entre A Tolda e O Muíño.

A esquecida praia fluvial

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anunciou que a concellería de Medio Ambiente traballa na elaboración dos pregos da Praia Fluvial co obxectivo de poder licitar a contratación das obras este mesmo ano. Así mesmo, lembrou que Concello e Deputación manteñen conversas dende hai meses para renovar o convenio que financiará as instalacións. A rexedora abondou nas súas declaracións en que as conversas coa institución provincial levan sendo continuadas dende finais de ano, cando chegou o derradeiro permiso pendente da Confederación para poder iniciar as obras.

"Levamos distintas reunións mantidas xa coa Deputación para tentar avanzar e finalizar no que era o convenio inicial do ano 2010, pero sobre todo para nós o máis importante é materializar a praia fluvial co fin de poñela ao servizo da cidadanía". Méndez aclarou que, "aínda que ese convenio de colaboración finalizou, o que cómpre facer agora é darlle continuidade ao procedemento, co trámite que se aprobou

hoxe na Xunta de Goberno do ente provincial, para que nós poidamos presentar agora as alegacións pertinentes e asinar, a continuación, un novo convenio en función da consignación orzamentaria que a Deputación xa lle tiña asignada a este proxecto, polo que non sería preciso ter que devolver os cartos entregados no seu día ao Concello". A alcaldesa subliñou, así mesmo, que a vontade do equipo de goberno é integrar a praia dentro das zonas verdes ás que dará cobertura o contrato de mantemento dos parques e xardíns municipais, abordando así dunha maneira integral non só a súa creación senón tamén a súa axeitada conservación durante todo o ano.

O Concello tivo que afrontar varias veces cambios nos proxectos desenvolvidos para a execución da praia fluvial, incluso nas zonas de ubicación elixidas, para poder obter todos os permisos necesarios das distintas administracións implicadas. O último dos mesmos chegou a finais do 2020.



O anfiteatro no val do campus

A Feira do Campo e Artesanía da Milagrosa volve en setembro



Unha imaxe da feira dunha edición anterior

A Asociación de Veciños Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa que preside Jesús Vázquez Varela organiza este ano a 24ª edición da tradicional Feira de Produtos do Campo e Artesanía da Milagrosa, que se leva celebrando dende o ano 1998.

En anos anteriores dita feira realizábase na data que coincide co San Isidro, en maio, mais por mor da pandemia do Covid-19 celebrábase máis tarde, concretamente se prevé para os días 17,18 e 19 de setembro de 2021.

O San Isidro é un resumo das feiras da provincia de Lugo. Veñen expoñedores da propia cidade, do resto das provincias galegas, de Castela e León, Asturias e mesmo de Portugal. Durante os días que se celebre a feira haberá actuacións culturais, festas gastronómicas con degustación de produtos de Lugo e exhibicións de artesáns.

Para máis información pódese contactar no teléfono: 696 344 939 (Luis Abel, xerente). E en horario de oficina de 9:00 a 15:00, nos teléfonos: 982 80 16 92 e 982 20 37 21.

Chega a novena edición do Campus de Verán Xuvenciencia

O grupo de innovación docente do Campus de Lugo Xuvenciencia organizará do 28 de xuño ao 2 de xullo a novena edición do Campus de Verán Xuvenciencia, un programa de formación e divulgación científico orientado a estudantes preuniversitarios que recupera o carácter presencial na súa novena edición. O prazo de inscrición neste campus científico, que ofrece un total de 65 prazas, permanece aberto na web de Xuvenciencia desde as 15.30 horas deste venres ata o 14 de maio. O programa permitirá ao alumnado matriculado de 4º de ESO, BAC e ciclos medios de Formación Profesional poder tomar parte en once proxectos ademais de participar noutras seis actividades de temática científica.

O Campus de Verán Xuvenciencia 2021, despois da "edición en rede, que non virtual" dunha última edición condicionada pola COVID-19, presenta unha formato en proxectos para así adaptarse a un contexto aínda excepcional por



mor da pandemia. Daquela, fronte as 65 persoas que formalicen a súa matrícula nesta experiencia científica traballarán en grupos burbulla, con 5 ou 6 estudantes implicados en cada un dos proxectos e obradoiros programados, a fin de garantir as condicións de seguridade, segundo explicou a coordinadora de Xuvenciencia, a profesora Mercedes Novo.

O Arde Lucus Cultural convoca actividades para maio e xuño

O Arde Lucus Cultural, organizado dende a área de Xuventude do Concello de Lugo en colaboración coas 19 asociacións de recreación histórica da cidade, desenvolverá medio cento de actividades durante o mes de maio e xuño, accións que serán o preludio dun Arde Lucus aínda que, por motivos da pandemia, manterá un perfil afastado dos grandes festos que atraían todos os anos a miles de visitantes.

Nesta nova edición do Lucus Cultural, as accións lúdico culturais volverán ser abertas e gratuítas e, seguindo os pasos do 2020, debido as restricións fixadas polas autoridades sanitarias pola covid-19, diminuirán as presenciais e impulsaranse as de carácter online. "A programación, que pechamos con todas as asociacións romanas e castrexas que lle dan vida ao Arde Lucus e onde elas serán as protagonistas, compaxinará o virtual co presencial, e non defraudará en ningún dos casos", destacou Mauricio Repetto, concelleiro de Xuventude. A alcaldesa da cidade, Lara Méndez, anima á veciñanza a participar, pero lembra que se deben cumprir sempre as limitacións sanitarias "porque o que pretendemos é gozar e seguir aprendendo co noso rico patrimonio e as nosas tradicións, que debemos manter e coidar, pero sen arriscar nunca a nosa saúde e a dos demais".

Este ano, no ciclo de cine arqueolóxico que xa comezou e que terá lugar no Vello Cárcere, proxectarase o Tutankamon, el tesoro redescubier-



Imaxe da presentación das actividades

to (día 20 de maio, ás 20:00 horas). Os colectivos do Arde Lucus tamén organizarán diversos xogos, como os xogos romanos do taboleiro para todas as idades, que se desenvolverán na Casa da Xuventude, agás os dos pequenos, que será no Patio do colexio Divina Pastora.

Os obradoiros culturais serán protagonistas. Algúns serán presenciais como os que darán a coñecer como se realizaban as coroas romanas, as cotas de malla, como converterse en guerreiros, a linguaxe de signos sobre a simboloxía sexual da antigüidade, a elaboración de herbas e velas ou de reloxos de sol. E outros moitos a través de vídeos, nos que se aprenderá sobre ourivaría castrexa, cerámica galaica, vestimenta e cociña romana ou acuñación de moedas, entre outros.

Destacar, ademais, o ciclo de conferencias internacionais con Rosa María Cid, catedrática de Historia Antiga pola Universidade de Oviedo (no salón de actos da Deputación o

12 maio, ás 20:00 horas) e Annelise Freisenbruch, doutorada en Estudos Clásicos pola Universidade de Cambridge (no salón de actos da Deputación o 12 xuño, as 20:00 horas), así como as charlas culturais o 25 maio e os días 1,2 e 3 de xuño, e de expertos o 10 e 11 de xuño.

De novo, contarase cos paseos por Lugo con Paulo Fabio Máximo por distintos puntos da cidade, tales como a Muralla, Vía XIX, as Termas Romanas ou acueduto, e tamén polos xacementos arqueolóxicos.

CONCURSO DE FACHADAS. O concelleiro de Xuventude repetirá outro ano o concurso de adorno de balcón e fachadas e o photocoll do Clan Breogán. Neste momento, tamén está aberto o II concurso de relatos sobre a vida dun clan galaico. Toda a programación pódese consultar na web www.ardelucus.com e seguir a través das redes sociais do Arde Lucus e do Concello de Lugo.

A Semana de Música do Corpus será do 22 de maio ao 5 xuño

A XLVIII edición da Semana de Música do Corpus celebrábase este ano entre o 22 de maio e o 5 de xuño e contará con 8 concertos, que incluírán a artistas e propostas musicais de prestixio internacional.

A entrada aos concertos será gratuítas, mais será preciso reservar entrada no portal web entradaslugo.es ou na Oficina Municipal de Turismo até 3 horas antes do comezo do concerto.

A programación dará comezo o con Birthday Party, de Raquel Andueza & La Galanía tendo cita o domingo con Ravel, Respighi e Rodrigo, coa

Orquestra Gaos. O mércores 26 de maio será a vez de Amor e Morte (pezas de Beethoven, Chopin, Granados e Liszt), con Xavier Perianes ao Piano, deixando ao día seguinte, Morte e Resurrección, co Ensemble Praeteritum.

Seguirá a programación o sábado 29 con Antonio Caldara e o Violonchelo e o xoves 2 con Stabat Mater de Bocherini, interpretado polo Cuarteto Alicerce. O venres 3, música portuguesa co Ludovice Ensemble de Portugal, dirixido por Fernando Miguel e o domingo actuará a orquestra Vigo 430.



VPMASCARILLAS

SOLO HASTA EL
15 JUNIO



MASCARILLAS QUIRÚRGICAS IIR
ADULTOS Y NIÑOS - VARIOS COLORES

Caja 50 Mascarillas

4€

Pague 2 y lleve 3



VP2 ESPECIAL COVID-19

14,25 €

Caja 25 Mascarillas

Pague 2 y lleve 3



MASCARILLAS FFP2 ARI

NOVEDAD

Caja 10 Mascarillas

9,50€

Pague 2 y lleve 3



8,60€

Caja 50 Mascarillas
decoradas
Pague 2 y lleve 3

Certificadas por AITEX
FABRICADAS EN GALICIA
EN SALA BLANCA PARA UNA TOTAL HIGIENE

TIENDA ONLINE
www.vpmascarillas.com

Avda. Benigno Rivera, 64. 27003 Lugo - 982 147 520
+ INFO: info@vpmascarillas.com

A Tradescola crea un certame de debuxo

O certame de debuxo O Baile e os Instrumentos da Música Tradicional Galega é unha iniciativa posta en marcha pola Tradescola.

A finalidade desta actividade, dirixida ás nenas e nenos de primeiro, segundo e terceiro curso de primaria dos centros de ensino da provincia de Lugo, é potenciar e difundir entre os máis pequenos o baile e a música tradicional galega, axudar a que coñezan os nosos instrumentos, a nosa historia e costumes dun xeito natural dende os primeiros anos, fomentando actitudes de respecto e valoración da mesma. Os debuxos e os dorsos dos debuxos, deberanse enviar por correo electrónico á Tradescola (tradescola@gaiteiros-galegos.gal) ata o 31 de maio.

O xurado estará composto por membros do profesorado da Tradescola, que seleccionarán un total de 10 debuxos finalistas que serán premiados cun lote de material didáctico. Dos 10 finalistas, seleccionárase un gañador que recibirá como premio a matrícula de balde nunha materia.

Volve o Concurso de Fotografía das Reservas da Biosfera

A Deputación de Lugo organiza unha nova edición do Concurso Fotográfico das Reservas da Biosfera baixo o lema Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses. Esta nova actividade, enmarcada no compromiso da institución provincial pola xestión e posta en valor destes espazos naturais, contará cun presuposto total de 1.600€ que serán repartidos entre os tres primeiros clasificados no concurso.

A temática desta nova edición busca promover as actividades de lecer en espazos abertos,

Os participantes poden entregar unha única imaxe por persoa, que non fose premiada en edicións anteriores ata o próximo 17 de setembro no Rexistro Provincial do Pazo de San Marcos, ou ben, remitírala por correo postal certificado. As fotografías presentadas deberán facerse no territorio da Reserva da Biosfera das Terras do Miño e os Ancares Lucenses e presentarse en formato dixital nun CD e unha copia en papel fotográfico, todo dentro dun sobre con datos persoais, título da obra e o nome do lugar onde se realizou a foto.

Os traballos presentados serán valorados por un xurado por criterios de composición, orixinalidade e calidade estética e, en función destas pautas, seleccionárase tres gañadores que recibirán premios en metálico de 800€, 500€ e 300€, respectivamente.

Novos tempos para o baile

Unhas das grandes afectadas pola pandemia da covid-19 foron as academias de baile, como Ritmo Lugo, que tiveron que adaptarse á nova situación cambiando estilos e adaptando as aulas

A covid-19 levounos cara o deporte individual e, aínda que a situación está mellorando paseñamente, seguimos sen conseguir chegar á normalidade. Así pois, máis dun ano despois, conseguímonos adaptar ás novas limitacións en tódolos ámbitos e sectores, entre os que se atopa o baile que, según Jandro Pallares, é un dos grandes esquecidos “non aparecíamos nin nos DOG, nin nos BOE. Non había nada que se referira a nós. Estabamos nun limbo no que podíamos facer o que nos dera a gana”. Así o comentaba Pallares, cun tono que se atopaba entre a tristeza e a rabia “houbo un pouco de movemento e foi cando se deron conta de que estabamos aquí”.

tran pola porta separados e saen xuntos, vanse no mesmo coche e supoño que durmirán na mesma cama. É algo ilóxico”, sinalou Pallares.

A pandemia da covid trouxo numerosos cambios na organización das clases co único ánimo de poder seguir bailando e, ao mesmo tempo, facendo exercicio pero de forma segura. A primeira medida foi acondicionar o local e para iso marcaron cuadrículas nas aulas. Cada cadrado acúpa unha persoa que ten unha distancia de máis de dous metros coa do lado. O uso de máscara e xel desinfectante obrigado, ademais do resto de medidas habituais, pouco a pouco o seu alumnado foi cambiando os seus hábitos.



En canto a restriccións, ao non ter en ningún momento ningunha indicación por parte de administracións, as medidas que adoptaban eran as mesmas que as dos ximnasiais, que era o ámbito máis semellante ao que amarrarse “nese sentido sentímonos moi esquecidos polas administracións. O final era guiarse polo que facía o do lado”.

O que sí está claro é que non se pode bailar en parella, o baile ten que ser individual e con distancia de seguridade; aínda que a parella sexa convivente. “De feito somos a única comunidade autónoma de toda España que non nos deixan bailar en parella, nin sequera conviventes. Nós temos moitos casos de persoas que en-

Pero non foi isto o único que cambiou, houbo que adaptarse aos novos tempos incorporando novos estilos de baile para adaptarse ao baile individual, como o reggaeton ou o disco, que tiveron un grande éxito e que non descartan incorporalos á súa oferta unha vez que todo volta á normalidade. Ademais, tamén se adaptaron as clases en parellas para bailar de forma individual, aprendo os pasos e perfeccionando para cando podan aplicarse xa como parellas. Así pois, a pesar dos continuos cambios e da nova forma de aprender a bailar, “a xente está respondendo moi ben”, di Jandro.

Por iso, de algo do que están agradecidos é da clientela “fixa e



fiel de fai moitos anos”, coa que puideron saír cara adiante; aínda que si que é certo que o número de alumnos baixou drasticamente, xa que se pasou de contar con 500 alumnos nunha tempada normal, a ter sobre a metade. Por sorte, a escola xa está vendo avances neste último mes no que comezou a haber algo máis de movemento entre a sociedade “a xente ten gañas de volver facer cousas e neste último mes, esta-se notando”.

BAILARÍN PROFESIONAL. Jandro Pallares é un bailarín que naceu e creceu entre pasos e ritmo. Comezou aos 5 anos en baile tradicional pero non tardou moito en darse conta do que lle gustaba de verdade: a especialidade de baile caribeño. De pais, tíos e demais familia bailaríns, él non dubidou en ningún momento en adicarse e dalo todo polo que máis lle gustaba e, grazas a iso, as recompensas foron chegando.

Xunto coa súa anterior parella, lograron ser os pioneiros na es-

pecialidade de baile caribeño a nivel estatal na que conseguiron ser os primeiros galegos en gañar o campionato de España e acudir á competición internacional. De feito, actualmente, Galicia e Cataluña son dúas das comunidades autónomas máis numerosas, tanto a nivel deportistas como a nivel competición.

O bailarín lucense xa se labrou un nome entre os grandes do mundo; chegou o europeo, onde logrou a medalla de bronce; no mundial de 2018 conseguiu quedar no oitavo posto, e nos World Games -competición mundial onde se convocan deportes que non se practican nos xogos olímpicos pero que están adscritos ao programa olímpico-, el e a súa anterior parella chegaron ao sexto posto na clasificación final.

En canto a proxectos de futuro, a súa cabeza está posta no campionato de España que se celebrará o vindeiro 30 de xuño. A partir de ahí, a idea é ir crecendo e planificando proxectos coa súa nova parella de baile coa que comezou esta andaina recentemente.



A esquerda, Jandro Pallares, e as dúas aulas modificadas pola covid



LUGO KM 100

LUGO, CENTRO NEURÁLXICO DO TURISMO DE PROXIMIDADE NA GALIZA



» A 100 KM DE ZONAS TURÍSTICAS:
A MARIÑA, A RIBERIA SACRA OU COMPOSTELA

» TRES PATRIMONIOS DA HUMANIDADE:
A CATEDRAL, A MURALLA E O CAMIÑO PRIMITIVO

» UNHA APOSTA POLO TURISMO
SOSTIBLE E DE PROXIMIDADE



EN BREVE

HORTOS DO RATO. A Deputación continúa coas actividades formativas nos hortos urbanos do Paseo do Río Rato. Estes cursos, que se celebran os xoves pola tarde dende o pasado mes de abril, teñen como obxecto asegurar o bo mantemento destes espazos ao tempo que se ofrece aos titulares das parcelas unha actividade de lecer que fomenta o interese pola agricultura ecolóxica e o coidado do medio ambiente. Trátase de charlas de formación e demostracións, dirixidas aos usuarios e usuarias destes terreos, que se realizarán todos os xoves de maio a partir das 17.30 horas. As persoas e entidades interesadas poderán obter información na caseta do Paseo do Rato. O día 20 farase un control de herbas invasoras das hortas e unha demostración de prácticas preventivas e o 27 de maio haberá unha formación de hortas ecolóxicas.

MERCADO E ARTESANFROILÁN. Publicáronse as bases que rexen a adxudicación dos postos de artesanía do Artesanfroilán e do Mercado de Nadal. O prazo de presentación das solicitudes é de 10 días hábiles, a contar desde o xoves, 13 de maio. No Artesanfroilán, que se celebrará entre os días 1 e 12 de outubro na Praza Anxo Fernández Gómez, ofrécense 24 postos, con cadro eléctrico, iluminación e enchufe. A convocatoria está aberta a todos os artesáns e artesás da provincia que contén con carta de artesá, documento imprescindible para completar a solicitude. No tocante ao Mercado de Nadal, previsto do 21 de decembro ao 5 de xaneiro na Praza de San Marcos, instalaranse 14 casetas, equipadas tamén con cadro eléctrico, iluminación e enchufe. Unha delas estará reservada para produtos de artesanía alimentaria que se rotarán cada dous días, polo que poderá albergar un máximo de 7 obradoiros. Ademais da carta de artesá, os profesionais que opten a participar neste mostra deben estar inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

CINECLUB. Lugo, xunto a outras cidades da comunidade, acolle ao longo de maio unha escolma de filmes incluídos na programación estendida da Filmoteca de Galicia, dos que se realizarán proxeccións no cineclub Valle-Inclán. A finalidade é unha maior descentralización así como unha maior difusión entre o público. Así, nos vindeiros días, o cineclub Valle-Inclán, de Lugo, proxectará o mércores 19 *Dorothé na vila*, de Alejandro Gándara e Olaia Tubío, e o día 24, *Mi noite con Maud*, filme integrado no ciclo Esenciais: Éric Rohmer. O 26 de maio exhibirase *Linda*, de Dorothy Davenport, e o 31, *Chungking Express*, de Wong Kar-wai.

LugoMáxico chega á cidade a finais de maio

Chega a Lugo a 18 edición da Semana Internacional da Maxia de Lugo, LugoMáxico, que este ano terá lugar do 24 e o 29 de maio. Catro espazos da cidade acollerán un total de 36 actuacións para público familiar, das cales 34 serán de balde e só 2 de pago. As actividades terán lugar no Auditorio Municipal, no Museo Muhl, O Vello Cárcere e na Canella do Hospital. O LugoMáxico 2021 comezará coa Gala Máxica Galega, unha gala con catro magos galegos de catro estilos diferentes fusionados nun só espectáculo para toda a familia. A Gala Máxica Galega será o luns 24 de maio ás 18 horas, no auditorio. Entre o martes 25 e o venres 28, cada unha das ubicacións contará con tres pases (17:00, 18:30 e 20:00) do espectáculo de cada un dos magos convidados, como Xulio Merino, Alejandro Revuelta, Mago Paco, Javi Rufo, Dania Díaz, Iván Santacruz, Pedro Aragonés, Greca, Oliver & Liuba, Martilda, Óscar Escalante e Nando Caneca. A gala final do LugoMáxico 2021 terá lugar o sábado 29, ás 20 horas no Gustavo Freire, co espectáculo 100% Daortiz, de Dani DaOrtiz un



espectáculo que mestura unha técnica exquisita cun sentido do humor tolo. Daortiz é considerado na actualidade un dos mellores cartomagos do mundo. Aos 12 anos visitou o círculo máxico de Sevilla e descubriu a maxia da man de Mario o Mago, despois comezou a aprender doutros grandes artistas como Juan Escolano, Lennart Green ou Juan Tamariz, que influíron na súa forma de presentar e concebir a súa maxia. As actividades serán de entrada gratuíta ata completar afora, agás as glas, que terán un prezo de 5€.

Arte e reivindicación social no Vello Cárcere

A exposición Kinetiko estará no Vello Cárcere até o vindeiro 30 de xuño. A mostra, organizada pola compañía teatral Trécola, contén nove pezas únicas, deseñadas e construídas por Ero Vázquez e Manu Taboada. En Kinetiko poden atoparse personaxes musicais, que a partires de mecanismos crean sons e ritmos, historias e contos que nacen co movemento dunha manivela ou efectos especiais utilizados tradicionalmente no teatro e no cine, entre outras pezas. Felipe Rivas afirmou que “é unha exposición para toda a familia, na que se poderán descubrir historias a través dos mecanismos de cada peza”. A exposición Kinetiko pode visitarse nas celas de mulleres do Vello Cárcere, no seu horario de apertura habitual, de domingo a mércores de 11 a 14 e de 17 a 20:30, e de xoves a sábado de 11 a 14 e de 17 a 22:30 horas. **OUTRA EXPOSICIÓN.** Tamén se inaugurou a Exposición Dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres na India, da fundación Vicente Ferrer. Esta exposición, a través do ensaio fotográfico, fai unha introducción aos dereitos sexuais e reprodutivos na India rural, e a importancia vital



A mostra de Kinetiko

de ensinar ás mozas e mulleres de Anantapur, onde actúa a Fundación, sobre saúde sexual e reprodutiva, e o seu dereito a decidir sobre si mesmas. A mostra fotográfica presenta a estratexia de traballo da Fundación Vicente Ferrer para promover os dereitos sexuais das mulleres, detallando o proxecto que se leva a cabo na área de sanidade e presentando os resultados conseguidos, e á súa vez, fai unha breve radiografía sobre o estado destes dereitos na India rural. A exposición poderá visitarse no Vello Cárcere ata o 31 de maio.

O proxecto de guía turística recolle 21 rutas naturais

Nace unha guía sobre as rutas naturais do municipio, co obxectivo de dar a coñecer a riqueza paisaxística, cultural e histórica e como un revulsivo turístico. A guía parte coa presentación de 21 rutas que recolle información de itinerarios, así como da flora e fauna que as caracterizan e sobre aspectos históricos, culturais e etnográficos, ademais de distintas localizacións de interese. Serán percorridos que partirán do centro da cidade, dos barrios e desde as parroquias para abarcar un amplo abano de posibilidades de coñecer moito mellor as beleza de Lugo, ao mesmo tempo que se potencian estas zonas. Algunhas das rutas son xa coñecidas, como O vello Lugo agrario, a Ruta das Chousas ou a dos Muíños do Mera, aínda que a guía aporta-

rá novas perspectivas sobre elas, pero amosarán tamén novos roteiros, con nomes tan suxerentes como O pequeno Froilán, A senda do Fervedoira, Terras de canteiras, Os bosques de Montirón ou Alfonso o Casto. Tamén incluírá a Ruta Connexio ao pé do camiño, que recolle os itinerarios das igrexas do Camiño onde se están a expoñer as intervencións artísticas gañadoras do I Premio Connexio do Concello, que se levará a Fitur este ano. O Concello creará una web y una APP, que incorporará como novidade un espazo onde os establecementos poderán promocionarse, “xa que queremos que esta ferramenta poida ser tamén un revulsivo para todos os axentes económicos da cidade”, incidiu Lara Méndez.

A VI edición do maratón Findecorta será do 4 ao 8 de xuño

O Espazo de Cine da Área de Cultura da USC impulsa a creatividade audiovisual da mocidade a través da convocatoria da sexta edición do maratón Findecorta, que se desenvolverá do 4 ao 8 de xuño. As persoas interesadas en tomar parte nesta cita artística poderán formalizar a súa inscrición de balde ata o 2 de xuño a través do enderezo de correo electrónico cultura.lugo@usc.es, ao que cómpre enviar cumprimentada a folia de inscrición xa dispoñible na web www.lugocultura.es, onde tamén se poden consultar as bases. As vicerreitoras de Coordinación do Campus de Lugo e de Igualdade, Cultura e Servizos da USC, Montserrat Valcárcel Armesto e Mar Lorenzo Moledo, respectivamente, salientaron que este tipo de certames reafirman o compromiso da institución académica coa cultura, a través das súas diversas manifestacións artísticas e, nomeadamente, cos novos creadores de cultura en galego. O certame propiamente dito comezará o 4 de xuño cunha sesión informativa que se desenvolverá de xeito telemático, a través da plataforma Zoom, a partir das 20.30 horas. Unha vez rematado este encontro, as persoas inscritas



no VI Findecorta, agrupadas en equipos, disporán de máis de 80 horas para elaborar as súas respectivas curtametraxes, propostas que deberán entregar antes das 10.30 horas do 8 de xuño ao enderezo de correo electrónico cultura.lugo@usc.es. Unha vez finalizada a maratón audiovisual e tras recibir todas as propostas presentadas a concurso, o xurado analizará e avaliará todas as curtas, que se proxectarán ao público o 6 de xullo nunha gala que se celebrará, a partir das 20.30 horas, no auditorio municipal Gustavo Freire de Lugo. A entrega dos galardóns ás dúas mellores propostas desenvolverase ao remate da gala.

Unha boa educación para o futuro

O Centro Educativo Galén mantén aberto o período de matriculación para o novo curso 2021/2022



Tras un ano cheo de adaptacións e novas medidas nos centros educativos, cada vez está máis preto o novo curso escolar 2021/2022. No Centro Educativo Galén xa se prevé como van ser as medidas que van levar a cabo, moitas delas similares ás deste ano, como manter as máscaras no interior e diminuír de forma lixeira a distancia de seguridade. Así mesmo, dende o centro destacaron que “para nós era impensable dispor a colocación da aula de xeito individual, sempre organizabamos esa disposición en pequenos grupos de 2, 4 ou seis, o que nos permitía

Traballamos a intelixencia emocional e educamos en valores de respecto e igualdade

traballar de xeito moi diverso, no gran grupo, pequeno grupo e a título individual. O traballo cooperativo, colaborativo e participativo, as aprendizaxes entre iguais, a interacción e comunicación eran deste xeito moito máis fluídas”. Desta forma, consideran que, a pesar de que resulte duro, cumprir os protocolos sanitarios e levar a cabo as medidas necesarias son accións fundamentais para garantir a boa saúde do alumnado e das familias, así como continuar coa presencialidade das clases, aspecto que consideran fundamental para un bo desenvolvemento persoal, emocional e social. Dende o Centro Educativo Galén destacan que a súa educación se asenta sobre catro piares funda-

mentais que son: o emprego de metodoloxías activas, a atención personalizada, a formación en idiomas e o compromiso que teñen co medio ambiente, ao que denominan Galén Verde. No primeiro caso, o que buscan é que as metodoloxías sexan activas, empregando de forma adecuada procedementos que permitan desenvolver ao alumno/a en competencias clave. Así mesmo, tamén se empregan metodoloxías cooperativas, colaborativas e participativas, así como metodoloxías que fagan ao alumno ou alumna protagonista da súa aprendizaxe “poñendo o foco na aprendizaxe competencial, que á súa vez, fomenta a aprendizaxe significativa e o emprego de ferramentas necesarias para desenvolverse no seu día a día”. En canto á atención personalizada, o equipo directivo considera que “é necesaria para dar unha resposta educativa de calidade e conseguir unha educación global e integral”. Tamén destaca a preocupación do centro cara aos alumnos e alumnas,

A atención persoalizada é necesaria para dar unha resposta de calidade

non só a nivel académico, senón tamén a nivel emocional “sempre traballamos a intelixencia emocional e educamos en valores de respecto e igualdade como elementos esenciais para unha convivencia en harmonía, respectuosa coa diversidade. Conseguimos con ela un ambiente

familiar, a sensación de estar na casa e que os estudantes sintan esa confianza e seguridade. Para nós tanto a confianza coma a comunicación co alumnado e familias é fundamental, por isto a titoría e o seguimento do alumnado destaca especialmente na práctica docente”. O ensino de idiomas é outro dos aspectos a destacar polo centro, polo que os nenos e nenas conviven co inglés dende idades temperás. Así mesmo, comézase a ensinar francés como segunda lingua estranxeira dende 3º de educación primaria e, como terceiro idioma, atópase o alemán, que se imparte durante a ESO. A isto hai que sumar a posibilidade de intercambios con outros centros educativos, de viaxes e da posibilidade de cursar o bacharelato Dual Americano dende 3º da ESO. En relación á sociedade que vivimos, o centro educativo de Galén é un

centro adaptado aos novos tempos en que a tecnoloxía é “unha ferramenta necesaria neste proceso de aprendizaxe pero en equilibrio coa conciencia humanista que impregna a nosa filosofía. Clases Tic, infor-

Conseguimos un ambiente familiar, a sensación de estar na casa e que sintan confianza e seguridade

mática, robótica, plataformas e ferramentas dixitais, etc, conviven co progreso, humanismo e respecto á natureza, facéndose necesario unha xestión eficaz do tempo de uso”. En canto á matriculación, Galén

apreciou un repunte na matrícula algo que o equipo directivo atribúe a unha boa resposta do centro no momento do confinamento e no curso educativo actual “mantívose o horario e a presencialidade en todo momento”. Ademais, o centro recibe a familias durante todo o ano e, aínda que xa hai varios grupos en distintas etapas pechados, o centro está aberto a calquera familia que queira coñecer a entidade. Outro aspecto a ter en conta son os docentes que forman parte do centro “o noso equipo de traballo está conformado por preto de cincuenta profesionais comprometidos cos valores fundamentais da persoa, nunha sociedade como a actual onde a autonomía persoal vai unida ao traballo en equipo, á interacción social e humana e á interacción tecnolóxica”, sinalaron dende o equipo directivo.



O Concello pretende dar impulso á inspección tributaria

Co obxectivo de acadar a igualdade e a progresividade fiscal, o goberno de Lara Méndez pretende darlle impulso á inspección tributaria coa contratación dunha colaboración que axude aos servizos municipais nas tarefas de vixilancia, aumentando o seu rendemento e facendo aflorar a economía mergullada, combatendo a fraude.

A Xunta de Goberno Local validou os pregos elaborados pola área de Tesourería para habilitar unha asistencia técnica, material e informática en materia de inspección tributaria municipal que desenvolverá tarefas de apoio nos procedementos de xestión, sanción, resolución de recursos e na notificación levados a cabo polo Concello.

Entre as tarefas que deberá asumir a empresa adjudicataria figura tamén a asistencia na confección do Plan de Inspección dos diferentes tributos dos que se nutren as arcas locais, así como a xeración do ficheiro de intercambio da información censal coa Axencia Estatal da Administración Tributaria do IAE, “dando cobertura, de maneira global, a todos os feitos impositivos

que se constitúen como base de ingresos de dereito público que nos atinxe recadar”.

“O contrato terá unha duración de tres anos, prorrogables en períodos anuais por outros dous até un máximo de cinco, nos que a empresa deberá, ademais, aportar o seu propio equipo de recursos humanos integrado, como mínimo, por un xefe ou delegado responsable, un técnico e un auxiliar administrativo así como aportar o local onde desenvolverán as súas funcións”, indicou Paula Alvarellos. A responsable da área económica cuantificou que a licitación terá un custo de 282.000 euros anuais.

O executivo local aprobará a apertura do procedemento de contratación para a xestión recadatoria municipal en período executivo, así como a xestión das multas de tráfico e das sancións derivadas do incumprimento das medidas de prevención e contención da crise sanitaria, logo de recaer esta función – a criterio do Consello Consultivo de Galicia e en contra dos informes da Avogacía do Estado – nas entidades locais.

O Concello habilita tres millóns de euros en axudas

A Xunta de Goberno Local validou a actualización da anualidade de 2021 prevista no Plan Estratégico de Subvencións, “ferramenta indispensable” para fomentar, promover e potenciar a participación da sociedade civil nos distintos ámbitos de xestión que son de interese xeral e utilizada para dar axilidade á xestión e pago das axudas.

Dotado neste exercicio con 3.095.950 euros, este Plan representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional do Concello e persegue servir de guía para mellorar e racionalizar a súa tramitación mediante a valoración de aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia das diferentes liñas de axuda facendo, á súa vez, especial fincapé na fiscalización posterior á concesión das mesmas. Cómpre subliñar que neste 2021 concentra ao redor do 3 % do orzamento total municipal.

A alcaldesa explicou que máis dun terzo da partida (1.060.000 €) se destinou ás axudas directas enmarcadas no II Plan de Recuperación Económica do Municipio que se esgotaron



en apenas 27 horas. “Ás que cómpre sumar outros 60.000 € que se convocarán para desenvolver actividades de promoción económica”, indicou a rexedora ao tempo que lembrou que o executivo investirá, a maiores, 1,4 millóns máis na dinamización comercial dos barrios.

Outras das cantidades ás que fixo referencia a rexedora son os 727.491 € dos que disporá a área de Benestar para cooperar coas asociacións e ofrecer achegas directas para o aluguer de vivenda ou a emerxencia social, dentro dos que tamén

se inclúen unha contía de 4.000 euros para colaborar con Cáritas e outra de 6.000 € para o Banco de Alimentos. As aportacións dirixidas a fomentar a práctica do deporte base (305.000 €) e a contribuír na defensa do benestar animal, que neste caso alcanzan os 215.000 € e se canalizan a través dos convenios coa Protectora de Animais e a Asociación Michos Lugo. Pola súa banda Cultura e Turismo (133.800 €), Participación Cidadá (64.500 €) e Educación (40.000 €) disporán en total de 238.000 €.

O PP de Lugo propón fraccionar os recibos das taxas

O voceiro popular suxeriu “a posta en marcha dun programa de pago en dez meses dos impostos do IBI, IAE, Taxas de lixo e Imposto de Tracción Mecánica de Vehículos”. Este plan de pago fácil permitirá, aos contribuíntes que desexen acollerse a esta fórmula de forma voluntaria, e sen ningún tipo de interese ou recargo, aboar mensualmente unha cuota fixa”. Carballo matizou que “o feito de agrupar estes catro recibos nun só, permitindo fraccionar o importe total, contribuirá a mellorar a planificación da economía doméstica”. O abono da suma dos impostos que cobra o Concello se podería realizar en 10 mensuralidades que se cargarían nos primeiros días hábiles dos meses de febreiro a novembro.

Con esta proposta “buscamos que sexa máis cómodo e doado o pago dos impostos e por outro, buscamos adaptar as Ordenanzas ao contexto actual da crise económica provocada pola pandemia”. “Esta é unha das propostas nas que traballa o Grupo Municipal para mellorar as Ordenanzas Fiscais do vindeiro 2022” manifestaba o voceiro. Os populares esperan que o bipar-

tito non faga oídos xordos a esta proposta “somos conscientes de que estas axudas non serán a solución ao problema económico pero si servirán de axuda para aliviar a difícil situación do tecido comercial e industrial do municipio”. Carballo facía esta reflexión logo de lembrar que socialistas e nacionalistas rexeitaron a petición do seu Grupo de non cobrar o lixo e a auga a autónomos e pemes afectados polo Covid 19. O popular lamentou que o bipartito rexeitase “modificar as ordenanzas necesarias para dar cobertura normativa a exencións e descontos no pago das taxas de lixo e auga a negocios ou pequenas empresas pechadas ao público como consecuencia do Estado de alarma polo covid 19”

O popular explicou que “estas achegas que facemos son perfectamente realizables só hai que ter vontade política para levalas a cabo”. Carballo animaba a Paula Alvarellos a ir tomando nota das peticións que lle presentamos de cara a modificación das ordenanzas fiscais para o 2022 xa que “son útiles e positivas para os veciños e veciñas de Lugo”.

Deseñan unha nova ordenanza de licenzas urbanísticas



A área de Sostibilidade Urbana elaborará unha Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas.

A alcaldesa de Lugo subliñou, alén, que, entre os propósitos que persegue esta Ordenanza, atópase o de “fomentar e impulsar a participación cidadá e a dinamización económica do concello, favorecendo o desenvolvemento de actividades, grazas á estabilidade que xerará a existencia desta nova esfera normativa, que non pode nin debe ser incompatible co crecemento dinámico da cidade”.

Pola súa banda, o edil Álvaro Santos, referiu que a entrada en vigor desta Ordenanza – baixo

a que terán amparo as licenzas urbanísticas, de primeira ocupación, de segregación, cambios de titularidade da actividade, comunicacións previas de obras, comunicacións previas de obras para actividades e declaracións responsables de actividades, entre outros títulos habilitantes – propiciará un cambio nas dinámicas internas do persoal municipal, “en tanto favorecerá un traballo moito máis transversal, complementario e colaborativo entre as diferentes seccións que o integran e que permitirá, á súa vez, un maior control sobre a calidade da xestión que se realiza”.

O IBI poderá aboarse en período voluntario até o 20 de xuño

O período de pagamento voluntario do IBI, un dos tributos máis cuantiosos para o Concello, que supón uns ingresos estimados en torno aos 22 millóns de euros anuais.

Todas aquelas persoas que non o teñan domiciliado poderán abonalo, segundo as formas de pago recollidas na Ordenanza Fiscal do Concello de Lugo, ata o vindeiro día 20 de xuño, dentro do prazo establecido no calendario fiscal municipal.

A concelleira convidou, asemade, á cidadanía a consultar as bonificacións á ordenanza, entre as que se inclúe, dende este exercicio, un desconto do 50%, durante tres anos, para as vivendas que, sendo residencia habitual, instalen paneis solares. Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, durante 3 anos aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal polo Pleno, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen a declaración.

Reactivase a programación sociocultural das parroquias

O goberno local decidiu reactivar a dinamización social nas parroquias logo de suspenderse o Estado de Alarma, tal e como demandaba a veciñanza. Terán prioridade aqueles actos que se poidan desenvolver ao aire libre, xa que os espazos abertos resultan máis aconsellables, tendo en conta o contexto sanitario no que aínda nos atopamos, e manteranse en todo momento as pautas e recomendacións feitas polas autoridades para previr os contaxios.

A través da dinamización sociocultural o Concello, dende a área de Benestar Social, ofertará actividades de lecer e formativas, coas que o goberno local pretende impulsar a convivencia interxeracional e fomentar a igualdade tamén nas parroquias.

Como exemplo, Olga López relatou que en anos anteriores os centros do rural acolleron –a solicitude da súa veciñanza– obradoiros de exercicio físico, como ximnasia ou pilates, clases de pintura ou restauración de obxectos e mesmo talleres de memoria. “Tamén intentamos levar charlas ou coloquios sobre temas que poidan ser de interese como

accións formativas para o uso de biocidas, moi reclamadas, e cando a situación nolo permita recuperaremos as excursións, visitas culturais e os xantares e días de convivencia”, manifestou a concelleira.

“Igualmente, poñemos a disposición das familias as Aulas Abertas para crianzas de 3 a 12 anos, co obxectivo de favorecer a conciliación laboral das familias durante o período estival. Unha iniciativa coa que queremos que a rapazada socialice nun espazo propiciando o arraigamento e o apego polo rural cun programa lúdico que mesture xogos, cancións e manualidades coas dinámicas de grupo e contidos transversais sobre o medio, a cultura e o xeito de vida no campo”, dixo.

“En conclusión – rematou a responsable de Benestar – trátase de converter os condicionantes que nos impón esta nova realidade nunha oportunidade, aproveitándoos para diversificar a programación municipal pero iso si, adaptándonos en tempo e formas á normativa e ao devir da covid máis tendo en conta tamén as necesidades da veciñanza”.

Rexeneración da estrada de San Martiño de Piñeiro



Supervisión das obras en Piñeiro

O Concello realizou a rexeneración do firme da estrada que vai dende A Silva, na parroquia de San Xoán do Campo, e que discorre a través da parroquia de San Martiño de Piñeiro, chegando ao límite do termo municipal de Guntín, por un importe total de adjudicación que ascende a 109.145,60 euros.

Esta actuación enmárcase dentro do Plan Único do 2020 e beneficia a veciños das parroquias de San Xoán do Campo e San Martiño

de Piñeiro. Os traballos consistiron na rexeneración do firme con aglomerado en quente, limpeza de cunetas, mellora das canalizacións de auga, así como o próximo pintado da sinalización horizontal e a instalación da correspondente sinalización vertical.

A intervención ten por obxecto mellorar as comunicacións de varios núcleos nos que, coas obras desenvolvidas, se garante a seguridade da circulación en puntos tan transitados.

Veciños e usuarios do Veral quéixanse do estado do Camiño Primitivo

Veciños do Santo Matías, na parroquia do Veral, quéixanse do estado de abandono que amosa o Camiño Primitivo que se topa paralelo a estrada LU-2901 que une o Santo Matías co Burgo.

“A maleza alcanza xa un metro de alto facendo que os peregrinos e veciños que utilizan o sendeiro para pasear teñan que ir polo borde da estrada, xa que tampouco existe unha beiravía”, di unha veciña, “nalgúns tramos chega a cubrir por completo o sendeiro e a cuneta polo que supón un verdadeiro perigo”.

Esta estrada serve de vía de comunicación de Lugo, Guntín, Friol e Palas de Rei e “a diario estanse a vivir situacións perigosas de circulación, pois está moi concurrida por peregrinos e máis agora nesta tempada”.

A actual estrada construíuse nos anos vinte e modernizouse coa chegada do Camiño Primitivo fai máis dunha década. E volveuse a mellorar fai dous anos.

OCBD trae as propiedades terapéuticas do CBD a Lugo

Unha iniciativa de tres mozos lucenses que venden derivados do cáñamo

OCBD nace en Lugo para dar alternativas terapéuticas. Creada por tres mozos lucenses, esta cooperativa luguesa comercializa produtos derivados do cáñamo industrial na súa tenda situada nas galerías da praza de Santo Domingo nº 2 de Lugo. Ademais, tamén subministra de forma online en www.ocbd.es.

Os produtos CBD contan cunha serie de propiedades terapéuticas como antiinflamatorio, analxésico, antioxidante, ansiolítico, anticonvulsivante, neuroprotector e antiemético, entre outras.

Todas estas vantaxes permiten aos consumidores de CBD mellorar a súa saúde en doenzas comúns como o estrés e a ansiedade, problemas para durmir, dores musculares e das articulacións entre outros.

OCBD está especializada en produtos con contido de Cannabidiol (CBD). Esta tenda ofrece aceites, cosméticos, flores e infusións de cáñamo industrial e ampliarán a súa gama de produtos nos vindeiros meses.

Ademais, desenvolverán unha proba piloto con dúas hectáreas de cáñamo industrial para produción de semente: “A nosa intención nos próximos anos é ter unha liña de cultivo de cáñamo industrial ecolóxico para a venda de semente”, engade un dos socios.

O CBD é un dos cannabinoides primarios que se atopan na marihuana e o cáñamo industrial.

INVESTIGACIÓN. En 2021 a Organización Mundial da Saúde (OMS) confirmou que o CBD ten propiedades terapéuticas confirmando o seu uso beneficioso para o ser humano. Non só non ten efectos psicoacti-



vos sobre o organismo, senón que tampouco ten efectos nocivos para a saúde nin xera adicción.

En 2017 a Harvard Medical School publicou un estudo avaliando a efectividade do CBD para axudar con tratamentos para as dores crónicas, as náuseas provocadas pola quimioterapia, a fibromialxia, problemas de sono e epilepsia entre outras.

O cannabidiol (CBD) é un fitocannabinoide “sobre o que se leva moitos anos investigando e hai evidencias científicas de que é moi bo para axudar cunha serie de doenzas, sendo un remedio completamente natural”, explica outro dos socios de OCBD.

Finalmente, comentan sobre a industria que “o mercado do CBD está completamente establecido en Estados Unidos, sendo unha das industrias de maior crecemento nos últimos anos, no caso de Europa e España o boom leva practicamente dous anos e seguindo esta corrente creamos o noso proxecto para traer a Lugo as vantaxes do CBD”.



Arriba, o local e, abaixo, unha mostra do produto e o exterior da tenda

Licitado o contrato de mellora do Centro de Día de Alzhéimer



Centro de día de Alzhéimer de Lugo

Licitado o contrato para acometer melloras no illamento do Centro de Día de Alzhéimer de Lugo, ás que destina un orzamento de 100.000 euros. A intervención permitirá reducir o risco de aparición de humidades e condensación e incrementar o confort e benestar das persoas usuarias e persoal traballador do centro.

Estas obras enmárcanse no plan de actuacións que a Consellería de Política Social vai levar a cabo a raíz da pandemia por mor do covid-19, para acadar un novo modelo de prestación de servizos socioasistenciais mellorando as instalacións e evitando, no maior grao posible, os riscos de propagación do virus.

Neste caso, o obxectivo é resolver a aparición de humidades no baixo do Centro de Día provocadas polas filtracións de auga a través da cuberta do patio de mazá do centro e do encontro desta coas cubertas lindeiras.

Para elo, substituirase a cuberta por outra de panel "sandwich" illante de aceiro galvanizado. Así mesmo, duplicaranse os canlóns existentes, de tal modo que cada un dos faldóns da cuberta evacúe a un canlón, aumentando a capacidade de recollida de auga de chuvia e conectando cun novo colector que enlazará coa rede de saneamento xeral municipal.

O prazo máximo de execución das obras será de tres meses.

Abren os centros cívicos



Centro social Maruja Mallo

A partir deste próximo fin de semana, os centros cívicos da cidade volverán abrir ao público, recuperando así o seu papel como espazos públicos de socialización.

A decisión, segundo sinalou a edil de Benestar, Olga López, obedece á suspensión do Estado de Alarma e á evolución que está a seguir a pandemia na cidade, "o que nos permite poñer a disposición das persoas usuarias as instalacións municipais con todas as garantías sanitarias". López Racamonde incidiu na importancia de manter, igualmente, todas

medidas e protocolos xa coñecidos para previr a propagación de contaxios. "Dende este fin de semana a veciñanza pode regresar de novo aos centros e facer uso das súas dependencias como salas de lectura, xogos ou obradoiros, mais é preciso lembrar que non podemos baixar a garda e cómpre manter as precaucións e respectar as recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias para conter o virus, como facer uso da máscara, controlar o aforo ou manter a distancia social".

Queda constituída con dirección luguesa a confederación veciñal

A Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti oficializou na súa asemblea xeral ordinaria a constitución da nova Xunta Directiva da Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro, CoGaVe, formada por Federacións de Asociacións de Veciños de toda Galicia.

A Federación luguesa asume a dirección do movemento veciñal de Galicia; e a provincia de Lugo asumirá os cargos da Presidencia, Secretaría, Tesourería e Vocería, dos que aínda non se coñece o titular

No transcurso de dita asemblea, debatíronse temas de actualidade, tales como o IVE do recibo da luz, okupas, sanitarios, cobertura telefo-



Recepción aos membros de CoGaVe na Deputación

nía móbil, etc.

"Lugo pasa a ser a sede do movemento veciñal de toda Galicia; e xa

o é, tamén, desde hai 1 ano, do rural galego, coa plataforma Galicia Baileira", din.

Veciños da Milagrosa reclaman un maior control no horario de establecementos do barrio

A Asociación de Veciños, Comerciantes, e Industriais Distrito da Milagrosa celebraron unha xuntanza con representantes e colaboradores da mesma así como con membros do Goberno local.

A xuntanza tivo dúas etapas, marcada a primeira delas polo carácter "reivindicativo" no que se refire á procura das melloras necesarias por parte da Administración.

Nesta etapa, Jesús Vázquez fixo fincapé na necesidade urxente para os veciños do barrio lucense da Milagrosa de dispór desde a Administración Local dun ARI (Área de Rehabilitación Integral) ou ARRU (Área de Rehabilitación Urbana). Este feito é importante para a rehabilitación da zona vella, ademais de para a concesión de

inmobles.

Outro tema a destacar por parte de Jesús Vázquez foi o reclamo de maior control sobre dos horarios dos establecementos que, nalgúns casos, están a incumplirse e ocasionar problemas de orde público no barrio da Milagrosa.

Posteriormente, analizaron tamén a funcionalidade dos servizos e as melloras necesarias no referente a xardíns, recollida de lixo, e o fomento das xa existentes campañas de concienciación medioambiental, como a recollida separativa de residuos de cara á súa reciclaxe.

Na segunda etapa da xuntanza, anunciaron os vindeiros actos que se levarán a cabo, sempre que a evolución da pandemia pola covid19 sexa favorable e o permita.

Arrancou o programa Primavera Xove

Ponse en marcha o programa Primavera Xove con diferentes propostas entre as que destacan estadias gratuítas de fin de semana nos albergues Lug II, en Lugo capital, e Gandarío, en Bergondo (A Coruña), con 80 prazas en cada caso.

As solicitudes poden presentarse na páxina web de Xuventude, onde tamén se poderá consultar a programación completa. As prazas adxudicaránse por rigorosa orde de chegada dos formularios de inscrición.

As actividades que xa comezaron continuarán durante as fins de semana rematando o 6 de xuño. Poderán participar mozas e mozos de entre 14 e 17 anos e incluírá o aloxamento de venres e sábado, a manutención completa e unha variada listaxe de actividades lúdicas e culturais.

A AECC organizará roteiros saudables os mércores

A delegación da Asociación Española Contra o Cancro (AECC) organizará roteiros saudables os mércores en Lugo. Previr o cancro, xestionar o cansazo e gañar en saúde serán os obxectivos dunhas camiñadas que deron comezo o mércores 12 cun roteiro que partiu do carril dos Loureiros e terminou no mesmo punto.

Darán comezo ás once da mañá e cubrirán un percorrido de 4,4 quilómetros. A iniciativa é gratuítas e pódese obter máis información no teléfono 982 250 809 ou no correo electrónico lugo@aecc.es.

Cerca de 700 usuarios foron atendidos polo programa contra as adiccións

O programa de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos de Lugo atendeu o pasado ano a 681 usuarios, dos cales 533 foron homes e 148 mulleres.

Así, lembrouse da firma dun novo convenio entre o Sergas e a Cruz Vermella de Lugo polo que o primeiro achega 617.400 euros para

dar continuidade ás accións de atención integral aos pacientes con trastornos aditivos e ás súas familias. Ao respecto, tamén se subliñou o "compromiso firme e continuado" do Goberno galego neste obxectivo, que se traduce nun investimento de 7,7 millóns de euros realizado dende o ano 2009 para o sostemento do programa.

“Hai que destacar que ata na viaxe de Cristóbal Colón necesitáronse patrocinios”

O lucense Héctor Salvador convertiuse no primeiro español en baixar a un dos puntos máis profundos da fosa das Marianas

Falamos co experimentado piloto de sumerxibles tripulados, e o director de operacións de Tritón Submarines.

Como decidiu dedicarse a esta profesión?

Son enxeñeiro aeronáutico e logo fixen un Máster en sistemas espaciais en Holanda, e terminando os meus estudos empecei unhas prácticas na Axencia Espacial Europea e foi alí onde coñecín á xente que me acabou metendo no mundo submarino.

E despois da Axencia Espacial?

Na Axencia Espacial entrei en contacto con este mundo submarino, coñecín ao fillo de Jacques Cousteau que foi o que me ensinou a mergullar, e a partir diso había un grupo que estaba a crear un hábitat para formar a astronautas en ambientes análogos, que é poñer aos astronautas en condicións extremas, e un destes ambientes era submarino e a partir de aí entrei en contacto cunha empresa que fabricaba submarinos e díxéronme que se coñecía a un piloto, e díxéronme que eu me apuntaba.

Entón pasou de querer navegar os

ata fai relativamente pouco non nos preocupamos pola exploración e moito menos pola exploración humana do fondo dos océanos. Neste sentido, creo que están ao mesmo nivel o espazo e os océanos. E desde o punto de vista tecnolóxico eu o que deseño son os sistemas de soporte vital, é dicir, como manter a un humano vivo dentro dunha esfera e dá igual se esa esfera a colocas no fondo do mar ou no espazo.

Non se arrepinte do cambio?

Non. Só te arrepintes das oportunidades que non aproveitas. Era saltar ao baleiro, pasar do sector espacial a tentar ser piloto de submarinos. Pero eu tenteino e formáronme como piloto e contratáronme. Estiven a traballar con eles como xefe de pilotos durante 3 anos ata que entrei en contacto con Triton Submarines, que daquelas estaba a empezar o proxecto dun submarino que baixase a profundidade ilimitada, o cal me pareceu un reto profesional moi interesante.

Tritón Submarines ten a súa base en Florida. Pero puido quedar en España?

Triton é estadounidense pero naquel momento valorouse o poder

tores, etc. Así, que se decidiu crear un grupo de traballo para coordinar todo isto e crear as cámaras de probas ou autoclaves que nos permiten simular as condicións de presión e temperatura de calquera punto do océano, ata 14 km de profundidade.

Cando se puxo en marcha o primeiro sumerxible fabricado en Barcelona?

Entregamos o primeiro sumerxible o día que se declarou o Estado de Alarma, o 14 de marzo de 2020, e agora mesmo estamos a empezar a construción doutro que xa é de investigación e baixa a 2.300 metros de profundidade e ten un casco completamente transparente. Normalmente os turísticos só baixan 100 metros, xa que perder a superficie de vista pode causar impresión se non estás preparado.

Este sumerxible era de uso científico?

O sumerxible construíuse para un explorador americano chamado Víctor Vescovo. Este home escalou o punto máis alto de cada un dos 7 continentes e esquiou os dous Polos, isto chámase o Grand Slam dos Exploradores, e el quería atopar un reto que non se fixo aínda. Entón chamounos e díxonos que non atopara a ninguén que baixase ao momento máis profundo de cada un dos cinco océanos. Así que el foi o que nos encargou un sumerxible de profundidade ilimitada e que puidese baixar múltiples veces. Esta foi a expedición Five Deeps que completamos en 2019.

Ata que altura deixa de haber luz que axude á visibilidade?

Depende do mar. No do Norte a 20 metros e no Mediterráneo ou Pacífico ás veces hai ata 300 metros. O turista prefere estar na zona con luz pola tranquilidade que dá ver a superficie.

Porque baixaron á Fosa das Marianas?

O principal obxectivo da inmersión era localizar e recuperar un módulo científico que se quedou atascado no leito mariño o día anterior. A expedición estaba financiada por Larry Connor, que o ano que vén será o primeiro piloto civil en subir á Estación Espacial Internacional nunha nave de SpaceX. Na súa segunda inmersión uno dos seus módulos



quedou atrancado. Así que ao día seguinte tiven que baixar eu como especialista de misión co meu compañeiro Tim Macdonald a localizalo. Foi todo un reto atopar un módulo do tamaño dunha lavadora no fondo dun dos puntos máis profundos do mar. Localizámolo e liberámolo.

Cando tardaron en baixar?

O descenso son 4 horas 30 minutos, e o submarino baixa polo seu propio peso, e a medida que vai aumentando a densidade da auga vaise freando, de formar que cando chega a 500 metros de fondo párase ao alcanzar flotabilidade neutra. Os últimos 500 metros xa se fan con motor facendo unha aproximación controlada para non levantar sedimentos e non prexudicar a visibilidade.

Que puideron ver nas profundidades da fosa?

Tomamos unha mostra das tapete microbianas presentes nos sedimentos da fosa, que son de gran interese para a comunidade científica. A mostra recollida xa está a ser analizada polo equipo do profesor Alan Jamieson, director científico da expedición. Tamén vimos moitos anfípodos, moitas anémonas, medusas, etc. É sorprendente ver que na Fosa das Marianas, que é o máis remoto e inhóspito do noso planeta hai vida.

Como é a exploración científica hoxe en día?

Necesítanse mecenas como en calquera outro sector. É moi difícil para un país ou instituto de investigación financiar unha expedición, pero ás veces aparecen estes mecenas que poñen ao equipo científico en mar-

cha e comparten a oportunidade con centros de investigación que a poden aproveitar para distintos proxectos.

Como é traballar con Víctor Vescovo?

Hai que destacar que ata na viaxe de Cristóbal Colón necesitáronse patrocinios, así que é grazas a esta xente que ten diñeiro e ganas de desenvolver tecnoloxía. Neste sentido Víctor foi un gran mecenas e ademais é un compañeiro máis. Despois de cada inmersión díxonos que cousas deberíamos mellorar ou habería que cambiar. El foi unha parte importante do desenvolvemento do vehículo.

Como se ve nun futuro?

Como dicía Cousteau, os océanos unha vez que che botan o seu feitoz atrápanche para sempre. É un mundo fascinante no que queda moito por descubrir, é exploración pura e dura: cada vez que baixas a 1.000 metros es o primeiro humano que viu esa roca e en cada inmersión sempre hai algo novo e descubrimos 4 ou 5 especies animais. Neste sector aínda queda moito por facer.

Algo que destacar?

O importante non é chegar a este punto tan profundo, senón que por primeira vez na historia temos unha máquina que che permite chegar a calquera punto de calquera océano. E isto é algo que non existía. E se pensas que aínda quedan 2/3 do noso planeta que non exploramos, é un pouco sobrecogedor. E máis cando se pensa en que os océanos xogan un papel cruce no noso día a día e no noso ciclo vital.



ceos para navegar o mar. Como foi ese paso?

É un paso bastante natural. Son dous mundos que están moi xuntos xa que por unha banda estamos a falar de exploración pura e dura, e na opinión pública é a antesala do que falta por explorar. A xente mira ao espazo, chegamos ao Everest e o seguinte paso é a Lúa ou Marte, etc., pero os océanos estiveron esquecidos durante séculos a verdade. Aprendemos a aproveitalos economicamente como a pesca pero

ter unha oficina en Barcelona xa que contamos con moitos clientes no Mediterráneo e Oriente Medio, ademais de que para os nosos clientes tiña as súas vantaxes económicas ter pezas de reposto en territorio comunitario. En 2018 co submarino de profundidade ilimitada atopámonos con problemas para atopar provedores que vendesen tecnoloxía para estas contornas. E aquí identifiquéi a 4 provedores cruce que facían baterías, mecanizados de titanio, controladores dos mo-



Héctor Salvador no interior da nave só e acompañado de Macdonald (á esquerda) e saíndo da inmersión

infraestruturas

O Concello pide á Deputación a cesión da rúa Fermín Rivera

O executivo de Lara Méndez vén de solicitar á Deputación a cesión da estrada LU-P-2911, coincidente coa rúa Fermín Rivera, para a súa integración no viario urbano, dando así resposta a unha reivindicación da veciñanza da zona e dos usuarios do Club Fluvial. Unha operación que a rexedora enmarcou “dentro da relación de diálogo e colaboración permanente que mantemos as administracións”.

A alcaldesa referiu así, que, dada a escasa lonxitude da vía (703 metros) e a súa cualificación urbanística (solo urbano), así como polo feito de que as dotacións públicas das que dispón sexan xa de titularidade municipal (iluminación, abas-

tecemento, etc), “consideramos oportuno e conveniente a solicitude da súa transferencia a favor da institución local, co fin de permitir unha xestión máis áxil da mesma por parte dos servizos municipais”. Lara Méndez subliñou, igualmente, que a presenza nesta estrada da Igrexa de San Lázaro e do Club Fluvial propicia un importante nivel de tráfico, de tipo urbano, motivado polo uso residencial pero tamén vencellado ao desenvolvemento de actividades sociais, deportivas e de recreo que propician estas instalacións, “o que redonda no interese da xestión da mobilidade peonil e da circulación rodada”, apuntou a rexedora.



FONTES. Medio Ambiente puxo en funcionamento as fontes ornamentais, apagadas por seguridade sanitaria pola pandemia. Tamén procedeu á desinfección das fontes de consumo humano para proceder a súa reapertura. O edil lembra que a cidadanía debe cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias de desinfectar as mans trala utilización das fontes públicas.

Lugo instala pictogramas para mellorar a mobilidade das persoas con TEA e TCS

O Concello de Lugo é pioneiro na instalación de pictogramas na cidade para mellorar a mobilidade das persoas con trastornos do espectro autista (TEA) e con trastornos de comunicación social (TCS).

As zonas elixidas para a colocación dos pictogramas son as proximidades dos colexios e institutos públicos, así como nas áreas dos edificios universitarios, as das asociacións que atenden a estes colectivos e os viarios con maior número de peóns, como a Ronda da Muralla e Avenida da Coruña.

En total, instalaranse preto de 300 placas homologadas, que amosarán como funciona o semáforo dun paso de peóns e cando se pode cruzar ou non. As placas incorporan imaxes cedidas, de maneira altruísta, por



Cartel na rúa Ángel López Pérez

ARASAAC (Centro Aragonés para la Comunicación Aumentativa y Alternativa). As mesmas serán de aluminio, con medidas 400 x 400 mm e de 2 mm de espesor, impresas con protección antiuva. O investimento municipal nesta iniciativa ascendeu a máis de 18.000 euros.

Diminución da velocidade en vías dun único carril en Lugo

A cidade continúa o seu proceso de adaptación á normativa que limita a velocidade de circulación na zona urbana a 30 na aplicación do novo Regulamento Xeral de Circulación. Como lembrou a alcaldesa, Lugo xa foi pioneira en implantar este tipo de limitacións xa que enclaves tan emblemáticos como a Rolda da Muralla ou as avenidas Ramón Ferreiro e Rodríguez Mourelo incorporaron a limitación a 30 km/h no ano 2017.

A rexedora amosou a “total concordancia coa decisión adoptada pola Dirección Xeral de Tráfico, en tanto estamos seguros de que a medida servirá para acadar unha mobilidade urbana máis sustentable e máis amable na que terá prioridade a protección dos usuarios e usuarias máis vulnerables como ciclistas, motoristas e condutores de patinetes, que son, cada vez, máis numerosos”, sinalou. A redución de velocidade será de aplicación naquelas rúas por onde transcorre a senda verde ciclista de 14 quilómetros.

“Un proxecto que se atopa en fase de execución dende o mes de xaneiro e co que pretendemos unir oito



A avenida Ramón Ferreiro coa nova sinalización a 30

grandes barrios coa contorna fluvial, dentro da estratexia Muramiñae co obxectivo de mellorar a accesibilidade da trama urbana co río. Esta senda combinará carrís segregados de tráfico nas rúas con maior anchura, onde a velocidade será, efectivamente, a 30 km/hora, con outros viarios de coexistencia, nos que, nestes casos, os vehículos só poderán circular a 20 km/hora”, abondou Lara Méndez.

As previsións que contempla esta iniciativa Dusi indican que esta convivencia do tráfico rodado – nas que

terá prioridade o tránsito de bicicletas e, polo tanto, a velocidade máxima permitida será de 20 km/hora – terá lugar nas rúas Camiño Real, Xulia Minguillón, Río Ser, Lamas de Prado, Río Navia (desde Río Ser ata Lamas de Prado), Mondoñedo, Portugal, Orquídea (desde o antigo centro comercial da Abella ata Oliveira), Oliveira (desde Orquídea ata Lamas de Prado), Acceso ao Complexo Deportivo Palomar (desde o enlace coa N-VI e o Pazo de Feiras e Congresos), Frei Plácido Rei Lemos e Avda. Doutor García Portela.

Comezan as probas de mellora do transporte público urbano

O Tenente de Alcalde e concelleiro responsable da área de Mobilidade, Rubén Arroso, realizou un percorrido no bus urbano, comprobando o funcionamento do novo SAE, (sistema de axuda á explotación, conexión telemática que permitirá o seguimento en tempo real da flota de buses), que se está a configurar como paso previo á entrada das novas liñas de transporte público. Rubén Arroso explicou que “o novo sistema de transporte público mellorará a accesibilidade, xa que os propios buses informarán das seguintes paradas”.

“Unha vez entren en funcionamento as novas liñas, as veciñas e veciños poderán consultar o tempo que falta para a chegada do seguinte bus, tanto a través das 21 pantallas informativas, como a través das aplicacións web que se habilitarán”, explicou o Tenente de Alcalde, que destacou que “calquera persoa poderá consultar en tempo real o estado da rede de transporte público dende o móbil ou o ordenador”.

A empresa concesionaria do servizo de transporte público do Con-

cello de Lugo realizou as probas de funcionamento do sistema, adicando un bus a realizar o percorrido das novas liñas. O novo proxecto de mobilidade está composto por catro grandes liñas que conectarán as zonas norte e sur de Lugo, e dúas máis que conectarán o leste co oeste da cidade. No eixo Norte-Sur da cidade, que inclúe a Avenida da Coruña, a Ronda da Muralla, a avenida Ramón Ferreiro e a Avenida de Madrid, onde se atopa a maior parte da poboación, terán un bus cunha frecuencia de 10 minutos.

TARXETA CIDADÁ. Nunha aposta pola Tarxeta Cidadá no bus urbano o prezo do billete redúcese de 0,64€ a 0,45€, ou incluso 0,31 no caso de ter dereito a algunha bonificación, pagando só 0,19€ se se realiza un transbordo. Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirse o formulario que se pode atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,09€ nunha oficina de Abanca. A recarga do moedeiro será, como mínimo de 5€.

O Concello busca erradicar da traída o fibrocemento

O Executivo de Lara Méndez concluíu os procedementos previstos dentro do Plan Municipal para erradicar o fibrocemento da traída pública. A Xunta de Goberno adxudou á empresa Construcciones Sanle Lugo S.L as obras de renovación da rede de abastecemento da rúa Armórica, o derradeiro dos 7 proxectos contemplados para este ano.

A intervención, á que se destina un investimento municipal de 186.512 euros, terá un prazo de execución de seis meses e afectará a un total de 40 acometidas existentes nesta vía.

“O obxectivo – sinalou a alcaldesa – é substituír as tubaxes actuais por outras de fundición, máis duradeiras e á vez máis sostibles, co fin de mellorar o servizo que se presta á cidadanía pero tamén de facelo máis eficiente porque conleva a diminución do número de avarías que se producen sobre a rede de distribución”.

Este Plan, para o que a área de Medio Ambiente mobilizou 1’2 millóns de euros, suporá a actuación en 250 acometidas da capital. Cun maior esforzo nas contornas de Fingoi, Marina Española e a Cheda por ser nelas que se concentraba a meirande parte de incidencias.

Anunciado un plan de mellora para o parque Rosalía de Castro

O Concello de Lugo acometerá un plan de melloras e de acondicionamento intensivo no parque Rosalía de Castro. O plan de actuación inclúe a recuperación do mobiliario urbano como os máis de 200 bancos de madeira, traballo que comezaron xa a realizar os traballadores do I plan municipal sociolaboral Muramiñae Rehabilita para colectivos vulnerables, o pintado dos 92 farois, a reposición dos azulexos, a limpeza da pedra e das estatuas, a pintura nas zonas que o necesiten, o arranxo de bordos e alcorques rotos, o cambio de papeleiras e o mellor acondicionamento da área infantil.

A estas actuacións súmanse as xa realizadas como a mellora e ampliación do parque infantil. As actuacións desenvolveranse de maneira conxunta entre a área de Medio Ambiente e a estratexia DUSI Muramiñae, ao incluír entre os seus obxectivos a posta en valor do patrimonio municipal, entre o que se atopa o parque Rosalía de Castro, catalogado BIC (Ben de Interese Cultural). Se está a traballar na conmemora-



Presentación do proxecto de mellora do parque Rosalía

ción do centenario da aprobación en Pleno da creación desta zona verde, en xullo do ano 1921 con Angel López Pérez como alcalde. A rexedora lembrou que foi chamado oficialmente Bella Vista polos paisaxes que desde el se divisan.

A súa execución incluíase dentro do plan de hixienización da cidade e pretendía a “construción dun amplo parque con tódalas comodidades e recreos desta clase de paseos”. O lugar escollido para a súa construción

foi o coñecido coma Bellavista no Garañón para o que se adquiren as primeiras parcelas, de 94.656 metros cadrados cun desembolso de 91.078 pesetas, que se foron logo ampliando. Lara Méndez avanzou que se está deseñando un programa destinado a difundir entre a cidadanía a historia do parque e a súa riqueza patrimonial e natural. Por iso, entre as actividades culturais programadas, destaca a edición dun libro de Adolfo de Abel Vilela.

Licitado o contrato de mantemento da Muralla de Lugo

O contrato de mantemento da Muralla de Lugo foi licitado por un período de dous anos e cun orzamento de 635.700 euros. Así mesmo, falouse sobre as intervencións a desenvolver ata o 2023, dando continuidade “ao permanente labor de control e corrección que se realiza no monumento, que é un dos espazos máis transitados da cidade e esixe un importante esforzo de conservación”. Entre as actuacións previstas figuran a retirada manual da vexetación e o mantemento e reparación de solados, fábricas e albardillas así como doutros elementos como revocaduras, estruturas metálicas ou varandas. Tamén se prevén reparacións na instalación eléctrica e de iluminación, no pavimento do adarve.

A actuación sobre a Muralla esténdese na praza de Pío XII aos restos da Domus do Mitreo, que forman parte do conxunto arqueolóxico. En concreto, corríxirase a filtración de humidades e acometeranse accións de conservación para resolver a acumulación de po e restos varios, sales e colonización biolóxica, así como pequenos desprendementos. Para elo, realizaranse análises de biocolonización e aplicaranse biocidas; tamén se limparán en seco os morteiros policromos, eliminando velos salinos, e se consolidarán os morteiros disgregados, entre outras tarefas.

Aprobado o proxecto para urbanizar a esquina de San Roque

O executivo de Lara Méndez iniciou a conta atrás para recuperar a esquina de San Roque, dignificando unha das principais entradas da cidade ao Casco Histórico. A Xunta de Goberno aprobaba de forma inicial, o proxecto para urbanizar a mazá do PEPRI 214A, comprendida entre a Rolda, San Roque e o Carril das Flores, que executará a iniciativa privada.

A actuación implicará a erradicación daqueles espazos que, pola súa configuración actual, resultan insalubres ou entrañan situacións de risco para a veciñanza como pode ser a pasarela de acceso aos establecementos comerciais.

“As solucións aportadas permitirán que o fluxo peonil da Rolda da Muralla teña a súa continuación cunha beirarrúa de 4 metros de ancho, que actualmente non existe, que conectará co espazo que dá acceso ao edificio lindeiro cara a rúa Montero Ríos. Farase grazas á cesión de terreos por parte da iniciativa privada para mellorar o tránsito peonil”, abondou a rexedora ao tempo que indicou que “o tráfico rodado vera-

se tamén mellorado co ensanche da rúa San Roque, ampliándose o ancho dos dous carrís de enlace coa Rolda da Muralla e incorporando un novo viario para o acceso ao Carril das Flores, onde coexistirán o tráfico peonil e rodado restrinxido, cun tratamento de firme diferente ao ser Camiño Primitivo”.

Este tratamento diferente prolongarase ata o paso de peóns do inicio de San Roque, para que o acceso rodado sexa máis gradual. Así mesmo, o Carril das Flores terá un ancho aproximado de 6 metros na súa zona máis ampla, e de máis de 4 metros na zona de acceso desde a Rolda da Muralla. Os muros que se xerarán pola diferenza de cota que vai producir entre Carril das Flores e a Rolda da Muralla revestirase de sillería de pedra ou cunha solución semellante para integralo na súa contorna. O muro do lindeiro do Carril das Flores máis próximo á futura edificación resólvese cunha baranda.

O proxecto dispón cun orzamento de 123.757 € e un prazo de execución de 6 meses



Concelleiros nacionalistas, visitando as obras

Finalizan a pavimentación na rúa Quiroga Ballesteros

O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, informou da finalización dos traballos de pavimentación na rúa Quiroga Ballesteros, e do inicio da ampliación desta actuación no treito de Santo Domingo. Rubén Arroxo destacou “a mellora desta zona do casco urbano de Lugo, onde se gañou un importante espazo peonil”, e explicou que “unha vez se remate a pavimentación deste treito, colocase o mobiliario urbano da nova zona peonil do centro da cidade”

Os traballos a realizar na parte baixa de Santo Domingo consisten en intervir no treito de dobre curva que se atopa pegado á saída do aparcadoiro soterrado. Esta ampliación non suporá un custo a maiores dado que se puido cubrir co orzamento da obra. Rubén Arroxo explicou que “con esta ampliación gañaremos uns 120 metros cadrados de espazo humanizado, sen supoñer un custo a maiores no prezo final da actuación”.

O tenente de Alcalde afirmou que “malia que este treito non estaba contemplado no proxecto, unha vez recibimos o visto bo por parte dos técnicos municipais tomamos esta decisión”, e destacou “o bo ritmo ao que avanza a actuación, que en poucas semanas permitirá gañar un espazo peonil moi importante no centro de Lugo”.

SANTO DOMINGO. O tenente de

Alcalde, Rubén Arroxo, informou que nos vindeiros días dará comezo a mellora estética da praza de Santo Domingo, dentro das actuacións relacionadas coa peonalización de Quiroga Ballesteros. Rubén Arroxo explicou que “modificamos o proxecto de peonalización da rúa Quiroga Ballesteros, ampliando a zona de actuación ao primeiro treito da praza de Santo Domingo, mellorando a estética deste treito, dando continuidade ao resto da actuación”.

A ampliación consistirá en aumentar o terreo a pavimentar, intervíndose no treito de dobre curva que se atopa pegado á saída do aparcadoiro soterrado de Santo Domingo. Esta ampliación non suporá un custo a maiores dado que se puido cubrir co orzamento da obra, Arroxo explicou que “con esta ampliación gañaremos uns 120 metros cadrados de espazo humanizado, sen supoñer un custo a maiores no prezo final da actuación”.

O tenente de Alcalde afirmou que “malia que este treito non estaba contemplado no proxecto, unha vez recibimos o visto bo por parte dos técnicos municipais tomamos esta decisión”, e destacou “o bo ritmo ao que avanza a actuación, que permitirá gañar un espazo peonil moi importante no centro de Lugo”.



NOVA PRAZA. A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez e o concelleiro de Medio Ambiente, Miguel Fernández, presidiron o acto de apertura dunha nova praza-xardín na confluencia entre as rúas Manuel María e Túnel de Oural, na Piringalla. Ao acto, ao que asistiron un cento de persoas, tamén acudiu o presidente da Deputación, José Tomé; o ceramista galego Francisco Pérez Porto – autor da fonte – e representantes da Asociación San Isidro do Barrio da Piringalla da que partiu a demanda e tamén a iniciativa de render homenaxe ás lavadeiras coa escultura do recoñecido creador.

O Sagrado Corazón terá un novo centro de saúde



O novo centro de saúde podería ir nas instalacións vellas do colexio

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña manifestou á alcaldesa o seu compromiso de avanzar na súa construción do novo centro de saúde do Sagrado Corazón, coñecedor da situación na que se atopa o actual centro. A rexedora lembrou que “as actuais instalacións non reúnen as mínimas condicións esixibles xa que o ambulatorio atópase nos baixos de dous edificios do polígono, nun antigo almacén de Caixa Galicia dende hai 25 anos, a pesar de que esta localización se anunciou no seu día como algo provisional”.

“A pesar de estar nun baixo, o inmoble conta con dous niveis de escaleiras dificultando o tránsito para cadeiras de rodas e carriños de bebé. Unha situación que deriva en queixas e solucións improvisadas”,

abondou a rexedora.

Neste senso, Lara Méndez trasladoulle ao conselleiro a solicitude unánime da Corporación para intentar que o centro de saúde se constrúa nas parcelas onde agora está o colexio público, que previsiblemente se trasladará no vindeiro curso escolar para as súas novas instalacións. “É un terreo moi amplo e dotacional, e non queremos que as actuais dependencias queden baleiras porque poden supor un serio risco de degradación”. O conselleiro tamén amosou a súa receptividade para que esta ubicación fose a primeira opción a valorar, e será a propia Xunta a que se poña en contacto cos propietarios, antiga Fundación Caixa Galicia, actual Abanca, para alcanzar un acordo sobre as parcelas.

Veciños da Milagrosa critican o estado da rúa Xardín



A rúa Xardín, no barrio da Milagrosa

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa está recibindo múltiples queixas por parte dos veciños sobre o lamentable estado no que se atopa a rúa Xardín, que está situada entre a rúa Serra de Ancares e a rúa Río Éo. Trátase dunha zona moi transitada ó estar situada preto dun organismo oficial (Sección de Cualificación y Valoración de Discapacidades – Xunta de Galicia), de zonas de aparcadoiros

e dun canil.

Según os veciños a rúa atópase nun estado deplorable, ademais de non contar con beirarrúas, estar sen urbanizar e completamente chea de residuos e lixo. Por esta razón, dende a Asociación anteriormente mencionada solicitan a pronta intervención da Concellería de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo para dar solución ao estado en que se atopa a rúa Xardín.

Desbloqueado o Plan Paradai

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o presidente da Confederación Hidrográfica, José Antonio Quiroga, asinaron o convenio do Plan Paradai, un documento que recolle as actuacións necesarias para avanzar no desenvolvemento dos barrios das Gándaras e Paradai, 21 anos despois de comprometer coa Xunta a súa unión. Lara Méndez explicou que o acordo terá por obxecto a execución dos estudos, proxectos e obras que permitan reducir o risco de inundación durante as crecidas producidas polo río Rato na contorna da glorieta da rúa Serra de Meira.

As actuacións que recolle abranguen a redacción dun proxecto que permita mellorar a capacidade de desaugadoiro do tramo fluvial canalizado nese enclave concreto, intervindo sobre a sección canalizada do treito sito augas arriba do caixón de formigón que discorre soterrado, para aumentar a súa capacidade o que obriga a modificar a xeometría actualmente existente.



Firma do convenio entre ambas as dúas entidades

No proxecto estudarase, así mesmo, a conveniencia de actuar da mesma maneira no tramo de río canalizado augas abaixo da glorieta.

O investimento total para a execución das obras estímase en 650.000 euros, dos que a CHMS alcanzará 487.500 €, o que supón unha porcentaxe do 75%, e o Concello de Lugo aportará o 25% restante (162.500 €). A Confederación Hidrográfica afrontará a execución dos traballos, direc-

ción e vixilancia dos mesmos, ademais dos gastos correspondentes ás medidas de seguridade e saúde estimados, e unha vez finalizadas e recibidas as obras trasladarase comunicación ao Concello. Correspóndelle, tamén, á Confederación licitar, adjudicar e xestionar os contratos precisos, así como as demais actuacións necesarias para executar o convenio ata a súa terminación definitiva.

Cidadáns pide que se mellore a seguridade viaria en Magoi

A portavoz municipal de Cs, Olga Louzao, esixiu ao Goberno local que se executen melloras de seguridade viaria no barrio de Magoi. “O crecemento poboacional e o progresivo aumento do tráfico experimentado no último lustro fai necesario que se incremente a seguridade viaria neste barrio. Desgraciadamente nos últimos anos esta zona foi escenario de varios atropellos. Consideramos que é urxente incrementar as medidas de seguridade viaria que debería comezar polo repintado da sinalización horizontal na avenida de Magoi pola que levamos anos esperando malia xa estar contratada”, asegurou a concelleira da formación laranxa.

Outra mostra evidente desta falta de seguridade segundo Louzao son os semáforos sen regular na contorna do novo auditorio, onde os peóns son de novo os máis afectados. “Trátase dun cruzamento de catro vías no que os semáforos están sen regulación o que afecta de forma especial aos peóns que intentan cruzar posto que os vehículos transitan pola zona a velocidades moi altas para tratarse dunha zona urbana. Esta manifesta falta de seguridade débese á ausencia de vontade política e á falta de coordinación entre as distintas áreas de Goberno”, apuntou.

“Así mesmo, denunciamos en numerosas ocasións a falta de seguridade que supón o tapón urbanis-



A rúa Xesús Bal e Gai de Lugo

tico no cruzamento entre as rúas Ramos Misioné e Da Zarra. Un máis dos moitos que existen na cidade. A parálises na expropiación dunha parcela na marxe dereita da calzada converte a intersección nun auténtico funil desde fai décadas”, proseguíu Louzao. “Situacións como esta evidencian a falta de dilixencia do Goberno local e constatan o bloqueo que se está a vivir no área de Urbanismo. Trátase dunha obra de mínimo investimento que axilizaría o tránsito de vehículos e completaría o trazado urbano neste punto esquecido”, dixo.

“O cruzamento da avenida de Magoi con rúa do Valiño carece dun paso de peóns que conecte esta vía dobre á altura da residencia Abeiro, onde se atopa un dos principais supermercados da zona. O elevado tránsito de peóns que xeran os equi-

pamentos situados a esta altura da mazá fai necesario regular o tráfico dunha forma efectiva para aumentar a seguridade viaria”, concluíu.

RÚA XESÚS BAL E GAI. O concelleiro Juan Vidal-Pardo denunciou o lamentable estado no que se atopa a rúa Xesús Bal e Gai, vía na que se localiza a Casa da Xuventude. “Non entendemos como o Goberno local pode obviar o lamentable estado no que se atopa esta vía. É necesaria unha intervención urxente. Esta vía exemplifica perfectamente o fracaso do Goberno local na súa planificación para o mantemento de infraestruturas na que as distintas áreas de goberno asumen ou rexeitan responsabilidades en función da conveniencia política mediada en réditos reputacionais”, sinalou o concelleiro da formación laranxa.

Comezan as obras no novo centro social de Lamas de Prado

Comezaron as obras do centro interxeracional e polivalente de Servizos Sociais de Lamas de Prado. O novo equipamento prestará servizo a unhas 20.000 lucenses dos barrios do Carme, A Cheda, Abuín-Abella e Castiñeiro, así como de diversas parroquias.

Será un edificio de consumo enerxético case cero, empregando a madeira como principal elemento estrutural, e disporá dunha zona verde ao seu redor. Na súa construción teranse en conta criterios medioambientais e de sustentabilidade. No deseño tiveronse en conta criterios de ubicación en función das horas solares, e a zona sur disporá dun peche de láminas de madeira para regular a incidencia do sol e controlar o confort climático interior.

O centro destinarase a realizar distintas funcións: asesoramento e axudas sociais, formación e cursos, así



Visita ás obras do centro social de Lamas de Prado

como actividades recreativas ou de ocio tales como baile, teatro, espectáculos, xogos, etcétera. Contará, ademais, cunha distribución flexible para desenvolver actividades para os maiores, os mozos e os máis cativos e para facilitar a conciliación. Na zona de espazos servidores (plan-

ta soto) albergaranse os aseos, que dan servizo aos espazos principais da planta baixa, o cuarto de instalacións e o almacén xeral.

Na recreativa (planta baixa) a distribución é flexible, con tabiquería móbil, o que permitirá adaptar a distribución a cada actividade.

Case rematada a mellora ao acceso á ponte Vella do Rato

Estase a rematar a mellora do acceso á ponte Vella do Rato, na Chanca, no cruce da estrada do Rato. Unha obra sinxela pero que dá resposta ás demandas da Asociación de Veciños Castelo-Rato-A Chanca, e que tamén facilita a entrada de vehículos á sede da Cruz Vermella que hai nesta zona. Os traballos, que están a piques de rematar, consistiron no levantamento do adoquín, recheo con base de cemento para corrixir o afundimento de varios metros da ponte, e posterior colocación de pavimento. Deste xeito, corríxese un desnivel moi amplo que provocaba un gran charco de auga e que as veces dificultaba a entrada de vehículos e incluso o paso de peóns.

O presidente da Asociación de Cas-



A ponte Vella do Rato

telo-Rato-A Chanca, Manuel Miranda, ve a resposta a unha solicitude que él mesmo realizou o pasado 20 de abril. Na súa visita á zona da

Chanca, o presidente deste colectivo trasladou outras peticións para seguir avanzando na mellora deste barrio.

Inician os traballos da rotonda de San Eufrasio



Unha vista das obras da nova rotonda

A alcaldesa, Lara Méndez, supervisaba hoxe, xunto ao Inspector Xefe da Policía Local, Jesús Piñeiro, o operativo de tráfico posto en marcha polo Concello de Lugo para proceder ao inicio dos traballos de construción da rotonda de San Eufrasio.

A rexedora lembrou que a obra, contemplada xa no Plan de Barrios de 2018, se materializa agora logo de que a Xunta de Galicia cedera definitivamente os terreos a principios deste ano.

“O procedemento concluíu o pasado mes de febreiro cando recibimos o tramo, de 855 metros

de lonxitude, da estrada LU – 530 comprendido entre San Eufrasio e o paseo do Rato co que agora melloraremos a seguridade viaria na contorna”, indicou Lara Méndez.

A alcaldesa quixo destacar o calado da actuación, “de gran transcendencia para a cidade. Estamos seguros de que a súa materialización terá repercusións moi positivas para a mobilidade local, xa que con ela se corruxirá a falta de visibilidade da que adoece o cruzamento na actualidade, un dos principais corredores de acceso ao HULA”, destacou Lara Méndez.



Rubén Arroxo, visitando as obras

Seguen as melloras nas instalacións do cemiterio

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, informou das melloras que se están a realizar nas instalacións do cemiterio municipal de San Froilán. “Estamos a traballar na renovación do asfalto dos viais da parte antiga, que se atopa nun estado de deterioro”, explicou Cristina López.

A solución adoptada consiste na rexeneración e reforzo do firme asfáltico e unha nova pavimentación con formigón impreso dunha parte dos viais interiores, ademais da mellora do sistema de recollida de augas pluviais e unha nova canaliza-

ción de electricidade. Esta solución permitirá, segundo explicou a edil de Participación, “mellorar a zona antiga do cemiterio, dando ao asfalto unha estética acorde ao resto da instalación”. Os traballos comezaron nos pasados días e teñen unha duración estimada dun mes.

O actual cemiterio municipal de San Froilán substituíu hai 72 anos ás antigas instalacións de Magoi. Cristina López destacou “a versatilidade do deseño de Eloi Maquieira para realizar actividades como as visitas nocturnas ou as distintas actividades culturais organizadas todo o ano”.

O Concello renovará o alumeadado público de Camiño Real e Freixo

O Goberno Municipal iniciou o procedemento de licitación dunha nova renovación do alumeadado público, nas rúas Camiño Real e Freixo. O edil de Infraestruturas, Alexandre Penas explicou que “damos solución a unha demanda da veciñanza da zona, ao mesmo tempo que continuamos a traballar na mellora de toda a rede pública de alumeadado”.

A concellería de Infraestruturas substituirá un total de 48 luminarias de vapor de sodio a alta presión, cun consumo de 150W por luminarias LED de 75W, o que suporá un aforro do 50%, 3.6kW, no alumeadado da zona. En total, aforraranse 28.800 kWh, o que supón deixar de emitir 4,32 Tn de CO2. Ademais, “uniformarase o alumeadado, ordenando os puntos de luz, creando

unha zona de iluminación uniforme e non invasiva”, explicou.

O cableado público tamén será renovado, soterrando, o que tamén facilitará o mantemento da rede de alumeadado público, ao non verse afectado por outras instalacións como a de telecomunicacións.

A actuación ten un orzamento base de 124.841,70€ e 3 meses de prazo de execución.

DEPUTACIÓN

Abre o prazo para pedir os bonos Impulso

Xa está aberto o prazo para que os establecementos da provincia interesados podan adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalería da provincia.

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou as bases do programa, abríndose un prazo de 15 días hábiles para que se anoten os establecementos interesados en participar. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalería e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. Non existe límite de establecementos, polo que todas as empresas e autónomos do sector poderán participar, tendo en conta que non se poderá canxear lotaría, bebidas alcohólicas non alimentarias nin tabaco.

Na páxina web da Deputación habilitase un espazo específico e visual onde os negocios poderán cumprir un formulario sinxelo para formalizar a adhesión. Así mesmo a institución provincial habilita o teléfono 982.260.204 e o enderezo electrónico bonoimpulso@deputacionlugo.org para calquera dúbida que poida xurdir durante o proceso ou sobre o programa.

Unha vez rematado o proceso de inscrición, a institución provincial publicará a listaxe de establecementos participantes e faralle chegar a cada local admitido un indicativo da súa adhesión no programa. Un cartel que deberá colocar nun lugar visible, facilitando así que a veciñanza saiba en que establecementos poderá canxear os Bonos Impulso.

A Deputación porá a disposición da veciñanza da provincia un total de 17.000 Bonos Impulso.

O Pleno pide que os concellos xestionen o 15% dos fondos covid

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que os concellos xestionen o 15% dos fondos de axudas para paliar os efectos da Covid-19, logo de que as entidades locais se viran na obriga de asumir competencias impropias durante a pandemia como a desinfección de centros educativos. Así se decidiu na sesión ordinaria do Pleno provincial do mes de abril, que se celebrou este martes, tras a proposta presentada polo grupo socialista.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que “a loita contra a Covid ten suposto para os concellos atender novas necesidades da veciñanza nun contexto de incerteza e dificultade, no que ao devir sanitario foise sumando o impacto socioeconómico da pandemia”. “A Xunta de Galicia non deixou de esixir aos concellos que asumisen competencias impropias tan custosas como a desinfección dos centros de ensino ou

que controlasen medidas excepcionais como o toque de queda ou as limitacións á mobilidade, sen ter en conta as dimensións reais dos cadros de persoal da Policía Local ou Protección Civil”, manifestou a Deputada.

García Porto amosou o apoio do Goberno da Deputación a petición da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para que as entidades locais xestionen unha porcentaxe dos fondos Covid e apuntou que “a Xunta ten uns orzamentos de 11.500M€.

O Pleno provincial aprobou por unanimidade outra moción socialista para reclamar o traspaso ao Sergas dos servizos sanitarios municipais, que asumen, entre as súas funcións, incorporar sanitarios nos seus cadros de persoal e manter centros e infraestruturas destinados a ese fin, como os Servizos de Prevención e Asistencia a Drogodependentes (SPAD). Esta reivindicación

pretende reordenar as competencias e o gasto que se asume para desenvolverlas, facilitando que o conxunto dos servizos sanitarios corresponda ao organismo competente que é a Xunta.

Tamén aprobou a proposta do Goberno provincial para adherirse á Rede de Gobernos Locais pola Biodiversidade, unha sección da FEMP que aglutina pobos comprometidos co desenvolvemento sostible e a protección da diversidade de especies nos diferentes ecosistemas. A actividade da rede está dirixida ao impulso de políticas de conservación e incremento dos recursos naturais, á mellora do medio hídrico e da conectividade ecolóxica. Finalmente, sacou adiante unha modificación de crédito para ampliar con remanentes o Orzamento en case 4,2M€. Esa cantidade poderá destinarse á cooperación cos concellos, a entidades sen ánimo de lucro ou ao tecido empresarial.



A primeira actividade foi un curso de iniciación aos cogomelos

O programa Actívate fará actividades en 18 concellos

Presentouse o programa Actívate, unha iniciativa vencellada ao turismo activo, científico e mindfulness que se celebrará as fins de semana de maio e xuño ao longo de 18 concellos da provincia de Lugo. Este programa nace co obxectivo de dar a coñecer os recunchos de toda a provincia a través de propostas diferentes para realizar en familia, con amigos ou sós. Este novo programa dará prioridade á participación da veciñanza lucense, que poderán realizar actividades como a iniciación aos cogomelos de primavera ou barranquismo, que se celebrou o 1 e 2 de maio, pero tamén actividades de sendeirismo, de montaña, surf ou Tai Chi e ioga. Tamén está previsto que

se realice unha actividade nocturna de observación dos ceos no concello de Muras. Todas serán gratuítas. As persoas interesadas en participar nas dúas primeiras actividades xa poden inscribirse na páxina web <http://inscripciones.deputacionlugo.org/gl/tema/activate>. Para máis información enviar un correo electrónico a atuaprovincia@deputacionlugo.org ou poden chamar aos teléfonos 982 260 011 ou 982 260 234. As inscricións ás seguintes actividades abriranse progresivamente todos os martes, con 10 días de antelación, ata completar o calendario. As actividades levaranse a cabo os sábados e domingos dos meses de maio e xuño.

Volve o plan Prende! Bota raíces no rural



A Xunta de Goberno local sacou adiante unha nova convocatoria do programa Prende! Bota raíces no rural, que pretende favorecer o emprego de mozos e mozas na provincia. A Deputación tomou esta decisión porque por culpa da situación xerada pola pandemia da covid-19 non se chegaron a cubrir todas as prazas.

Serán dúas liñas de axudas, unha para a contratación de 18 persoas por conta allea e outra para axudar a 2 persoas para crear empresas de economía social, como cooperativas, que estean inscritas no Sistema de Garantía Xuvenil. No primeiro caso, a Deputación financiará os custos salariais do 50% do Salario Mínimo Interprofesional, no se-

gundo, a administración provincial achegará o 75% do SMI vixente durante 12 meses. “Esta medida permite á mocidade do rural iniciar a súa vida profesional sen necesidade de cambiar a núcleos de poboación máis grandes, incentivando a contratación por conta allea e cuxa actividade se atope entre hostalaría e turismo, enerxía e auga, agricultura e gandería e medio ambiente”, explicou o responsable provincial da Área de Promoción Económica e Social.

As empresas dispoñen agora dun novo prazo ata o 30 de setembro de 2021 para solicitar a contratación de mozos e mozas que se incorporen aos seus cadros de persoal, contando con este financiamento.

Sinalizarán os topónimos e lugares das vías provinciais

A Deputación de Lugo investirá 200.000€ na sinalización de topónimos e elementos de interese turístico e cultural nos 4.200 quilómetros de vías que configuran a rede provincial. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, logo de que a Xunta de Goberno deste venres aprobase o programa que se fará en colaboración cos concellos para a instalación de carteis indicativos nas preto de 9.700 áreas habitadas de toda a provincia.

“Os concellos que queiran colaborar coa Deputación neste programa, deberán elaborar un listado de situacións de sinais por orde de prioridade”, explicou Pablo Rivera. Unha vez recibida a proposta municipal serán os técnicos da Deputación os que calculen os sinais que se poderán asignar cun custe mínimo de 2.000€ por concello. O importe restante do programa distribuirase en función do número de quilómetros de vías provinciais en cada concello. “No caso de que algún concello non colabore, a Deputación poderá sinalizar os elementos que considere necesario ou redistribuír o importe correspondente a ese concello noutros que considere necesario”, aclarou o Deputado.

LUGOXA

NOVO XORNAL GRATUÍTO

A INFORMACIÓN LOCAL
NA TÚA MAN

SÉ O PRIMEIRO EN COÑECER
AS NOVAS DE LUGO

VISITA A NOSA WEB
www.lugoxa.com

INFORMACIÓN DIARIA
ACTUALIZADA

661 464 323 - redaccion@lugoxa.com

AO NOSO CARÓN

friol

17 empresas optan a executar as obras da estrada a Palas

Un total de 14 ofertas presentáronse para executar as obras da 1ª fase das obras de mellora da estrada LU-231, entre Friol e Palas de Rei. Destas 14 ofertas presentadas, 3 delas están conformadas por UTE, o que supón un total de 17 empresas.

Esta actuación conta cun investimento autonómico de preto de 2,8 millóns de euros, incluídas as expropiacións das 222 fincas necesarias para acometer o acondicionamento da vía. As obras disporán dun prazo de execución de 12 meses.

Polo momento estanse a desenvolver os actos expropiatorios de levantamento de actas previas. En concreto, no concello de Friol xa foron citados os propietarios dos terreos necesarios para acometer esta obra os pasados días 15, 16, 19 no salón de actos do Centro Sociocultural do municipio. Posteriormente,

no mes de xullo, efectuarase o pagamento de depósitos previos e a formalización das actas de ocupación. En concreto, en Friol estes actos están convocados para os días 5, 6 e 7 de xullo, novamente no salón de actos do Centro Sociocultural. En Palas de Rei, os titulares dos terreos están citados o día 8 de xullo, tamén no salón de plenos do Concello.

As obras céntranse no acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei.

A sección da estrada ten actualmente un ancho aproximado de 5 metros, polo que os carrís son estreitos e non contan con beiravías. Esta sección ampliarase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións.

O Concello inviste 24.000 euros na reforma do centro de saúde

A Consellería de Sanidade e o Concello de Friol veñen de asinar un convenio para investir 24.000 euros en obras de reforma no Centro de Saúde do municipio.

Este edificio é propiedade do Concello de Friol, polo que con este convenio conséguese a metade da aportación por parte da Consellería e a outra metade correrá a cargo das arcas municipais.

A execución das obras está previsto que comece o antes posible, despois de que o Concello realice os trámites oportunos de contratación de execución das obras e consistirán en distintas actuacións do edificio, que co paso do tempo se foi deteriorando.

Unha das actuacións que se levarán a cabo será a substitución da carpintería exterior de aluminio. Tamén se realizará un retranqueo do tabique curvo de vidro tipo pavés para mellorar o acceso á consulta de pediatría e ampliar a sala de espera. Farase unha reparación de revestimentos vinílicos e tamén da pintura en zonas deterioradas. E por último,



Exterior do centro de saúde de Friol

realizarse a substitución de persianas tipo venecianas que presentan deterioro.

Todas estas actuacións terán en conta o cumprimento dos requisitos básicos relativos á seguridade como son a seguridade estrutural, seguridade en caso de incendios, seguridade de utilización e accesibilidade, salubridade, protección fronte ó ruído, aforro de enerxía e illamento térmico, etc.

O alcalde, José Ángel Santos, destacou a importancia de esta obra

“porque o edificio actual ten algunhas deficiencias que precisan ser arraxadas, en beneficio de toda a poboación do noso concello, e do persoal que traballa no mesmo todos os días”.

O rexedor móstrase satisfeito e agradecido pola implicación da Xunta de Galicia, dado que esta é unha gran inversión no Concello de Friol, que beneficiará dun xeito moi importante ao Centro de Saúde do pobo e por suposto ás persoas e traballadores que asisten a el.

Seoane de Pregación inicia a concentración parcelaria

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto que declara de utilidade pública as concentracións parcelarias de San Xoán de Seoane de Pregación, no concello lugués de Friol; de Viladonga, no concello lugués de Castro de Rei, e de San Xulián de Poulo, no concello coruñés de Ordes. Deste xeito, mediante a reestruturación global dunhas 1.780 hectáreas relativas a estes tres procesos, veranse beneficiados 891 propietarios.

Así, trátase de tres novos decretos de concentración parcelaria que se declaran mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), a cal busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción.

Os tres procesos foron solicitados polos respectivos concellos, os tres eminentemente gandeiros, e, no caso dos dous da provincia de Lugo, tamén foron apoiados polos titulares das explotacións da zona. No caso da parroquia de Friol, hai un total de 12 explotacións, mentres que na de Castro de Rei son seis.

O Servizo de Atención Temperá friolés recibe 128.000 euros

O Concello de Friol seguirá co bo funcionamento do Servizo de Atención Temperá que atende a poboación dos Concellos de Friol, Begonte, Rábade, Guntín e Palas de Rei, gracias a concesión dunha axuda de 127.561,43 euros da Consellería de Política Social.

Este servizo está situado na segunda planta do Centro Sociocultural do Concello de Friol e atende de forma gratuíta a nenos e nenas de 0 a 6 anos de idade que presenten trastornos no seu desenvolvemento ou que se encontren en risco de padecelos, mediante as intervencións necesarias e individuais en cada caso.

Veranse beneficiados por este servizo as familias e o entorno de calquera dos municipios referidos anteriormente, co fin de apoiar e fomentar un mellor desenvolvemento infantil.

En estes momentos o servizo está atendendo a uns 46 nenos e nenas con algún tipo de necesidade, para favorecer o seu desenvolvemento psicomotor, cognitivo, de linguaxe, comunicación, auto-



O centro de atención temperá de Friol

mía, socialización, afectividade, etc.

Esta agrupación de Concellos recibe fondos destinados a cubrir os custos do traballo de unha logopeda, unha psicóloga, unha terapeuta ocupacional e unha enfermeira. Este grupo de profesionais están en constante contacto e coordinación cos servizos sanitarios, educativos e sociais do entorno dos pequenos. Ademais esta Unidade conta con diverso material especializado para pres-

tar os diferentes servizos específicos de cada área.

Os alcaldes que conforman esta agrupación insisten en que “este servizo é de gran importancia para as familias dos nosos Concellos, xa que supón unha considerable mellora no desenvolvemento dos máis novos dos municipios e das súas familias, e con unha atención máis próxima, directa e personalizada que en outros servizos máis masificados”.

Friol acollerá en xuño un curso de hixiene postural



O Concello de Friol acolle un curso de mobilizacións e hixiene postural que será o 12 de xuño en horario de 10 a 13 horas no centro social.

Con este taller preténdese mellorar a información e comprensión da enfermidade por parte dos pacientes, familiares e cidadáns en xeral. Proporcionar aos cuidadores, familiares e pacientes as habilidades e coñecementos necesarios para mellorar a calidade de vida no ámbito familiar. Ademais de fomentar a autonomía a todos os membros da familia.

Este curso está destinado a pacientes, familiares, cuidadores de persoas dependentes e cidadanía en xeral.

Firma do convenio para completar o abastecemento de auga a Castro

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, asinou co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, o convenio de colaboración para completar a mellora da rede de abastecemento de auga potable do municipio, que suporá un investimento de 400.000 euros.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 320.000 euros. O Concello de Castro de Rei contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 80.000 euros.

As actuacións, cun prazo de execución de seis meses, serán financiadas no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á covid-19.

Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, para o que é preciso a consecución da documentación municipal comprometi-

da, que inclúe someter o proxecto a información pública, así como pór á disposición os terreos necesarios.

As obras mellorarán as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial, para evitar os problemas de abastecemento que se producen en época estival.

PRIMEIRA FASE. Trátase dunha nova actuación, que lle dará continuidade as obras da primeira fase contratadas por Augas de Galicia, aprobadas nun convenio anterior co Concello, e que supoñen un investimento de preto de 630.000 euros.

Nesta primeira fase construíranse 2 tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e inmediacións do termo municipal. Proxéctase tamén a execución de varias arquetas de formigón armado

para aloxar as ventosas e desaugues proxectados, así como as conexións coa rede existente.

As novas actuacións complementarán a primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de conducción que se vai desenvolver na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, emprégase unha conducción de 1.529 metros con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

A solución proxectada por Augas de Galicia deixará preparado para as actuacións que poidan ser necesarias cara ao futuro.

O proxecto no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes desta contorna para o ano 2040.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.

O Concello acondiciona un aparcadoiro diante do CEIP Ramón Falcón

O Concello de Castro de Rei comezou as obras de construción dun aparcadoiro diante do colexio Ramón Falcón. Trátase dun espazo público para contedores e para que os coches que aparcan na acera o fagan alí. Actualmente estase desescombrando pero aínda tardará en estar listo. Pola súa banda, os socialistas de Castro de Rei felicitan ao Goberno Municipal pola esta área de aparcadoiros. O voceiro socialista, José Luis Tellado, lembra que na sesión plenaria do pasado mes de xullo do 2019, o Grupo Socialista propuxo nunha emenda in voce, para que se destinara este espazo para este fin.

Tellado advirte que ao PP de Castro de Rei por aquelas datas non lle parecerá axeitado este

emprazamento e rexeitara esta proposta. “Pero unha vez máis o sentido común volta a poñernos a cada un no seu lugar, e o que antes non valía, hoxe parece ser unha realidade, por iso congratulámonos deste cambio de postura aínda que chegue 2 anos tarde”, replicou.

O Grupo Socialista de Castro de Rei propuxo a zona de aparcadoiros do Colexio Ramón Falcón “pola gran afluencia de servizos que se concentran nesta zona, como son o colexio ou a residencia, dous puntos no que se reúnen moitos usuarios e usuarias. Polo tanto esta nova dotación de aparcadoiros é algo que precisabamos á veciñanza, e valoramos o cambio de actitude do Goberno do PP”, dixo Tellado.

Castro solicita unha axuda económica para a redacción do Plan de Protección



Unha vista da zona de protección de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei solicitou á Dirección Xeral do Territorio e Urbanismo unha axuda económica para acometer a redacción do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico de Castro de Rei por vía de convenio ou similar.

Dende o Concello preténdese poñer en valor o conxunto histórico de esta localidade chairega, declarado por decreto o 4 de febreiro de 1971, a través do planeamento de crecemento, co que se pretende poñer en valor e protexer o urbanismo e as edificación para marcar as pautas do crecemento respectivo.

Na ordenanza do Conxunto Histórico, que consta no PXOM, recóllese a obriga da redacción dun Plan

Especial de Protección (PEP) neste ámbito delimitado. Ademais, mentres non se aprobo definitivamente o Plan de Protección, a concesión de licenzas precisará da expresa autorización da Consellería competente; non puidendo facerse modificacións nas aliñacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións do volume, parcelación nin agregacións e en xeral cambios que afecten á harmonía do conxunto.

O Concello está a iniciar o proceso de licitación para a redacción do plan especial, e estima que os custos deste proxecto poden oscilar entre os 50.000 e os 60.000 euros, para o que se solicitou a correspondente axuda económica á Xunta de Galicia.

Presentan o libro ‘O mundo nun puño de remol’

O próximo 3 de xuño ás 18:00 horas coincidindo coa celebración dos cento vinte e cinco anos do nacemento do poeta Xosé Crecente Vega, terá lugar en Castro de Rei a presentación do libro *O mundo nun puño de remol* (poesía póstuma).

Esta obra, publicada pola editorial Espiral Maior, a iniciativa Comisión Crecente Vega e co apoio do Concello de Castro de Rei, recolle os poemas inéditos do autor, gran referente da poesía galega.



A ITV móbil agrícola estará en Castro Ribeiras de Lea no mes de xuño

A unidade móbil da ITV estará entre os días 3 e 4 de xuño en Castro de Rei e do 7 ao 11 en Castro Ribeiras de Lea para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas.

Para poder recibir este servizo é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

A Deputación inviste na mellora da Granxa Gayoso Castro

A Deputación de Lugo investirá preto de 150.000€ en diferentes actuacións para o funcionamento e mellora da Granxa Gayoso Castro. A Xunta de Goberno da institución provincial aprobou, por unha banda, a licitación do contrato para a prestación dos servizos de control sanitario, leiteiro e mantemento do robot de muxido para o centro experimental de leite. Tamén quedou adjudicado o servizo de ensilado de 80 hectáreas de herba para alimentar aos animais durante todo o ano e deuse luz verde ao último paso administrativo para acometer a reparación das

cubertas de varias naves afectadas polo mal tempo.

A Deputación licita por un importe de preto de 40.000€ e un prazo de dous anos de duración o contrato dos servizos referidos ao robot de muxido da Granxa Experimental de Leite, unha actuación importante porque estas instalacións provinciais que se abriron a finais do ano pasado xa están a funcionar ao 100% da súa capacidade, cunha produción media de 37,9 quilos de leite por vaca ao día. Estas instalacións provinciais acollen tamén a 500 alumnos e alumnas que están a comple-

tar prácticas do grao de Veterinaria no Campus de Lugo.

Por outra banda, a Xunta de Goberno tamén aprobou a adxudicación do servizo de ensilado de 80 hectáreas de herba, uns traballos que servirán para almacenar a cantidade suficiente de forraxe co que alimentar aos animais das instalacións provinciais durante todo o ano.

Cun investimento de 20.800€, e un prazo de execución cunha duración máxima de 48 horas dende a data de inicio, poderase alimentar ás 2.230 xatas que ten o Centro de Recría e tamén as vacas cachenas.

Inician as expropiacións para a rotonda da N-VI



Imaxe do lugar onde se fará a rotonda

A Demarcación de Estradas do Estado en Galicia vén de someter a información pública o levantamento de actas previas para a ocupación de terreos co fin de construír unha glorieta na Nacional-VI, en Outeiro de Rei, prevista no quilómetro 513,670 da Nacional-VI e que teñen un orzamento de 365.472 euros.

Este nudo de estradas soporta un intenso tráfico, xa que serve de entrada e saída de Outeiro de Rei para acceder á A-6. Tamén conflúe alí a avenida Terra Chá, unha das principais, e a estrada autonómica LU-115. Neste lugar hai un carril central de acceso co fin de virar á esquerda para acceder a este vial, que vai a Castro de Rei, desde a Nacional-VI.

Son moitas as protestas e peticións que se sucederon ao longo

do tempo para pedir unha solución a este lugar para mellorar a seguridade viaria neste punto para vehículos e peóns, así como para axustar a velocidade media do tráfico na travesía da capitalidade municipal.

O proxecto prevé a modificación do paso de peóns na LU-115 co fin de evitar retencións na glorieta.

A relación de afectados polas expropiacións expoñerase no taboleiro de anuncios do Concello, na Unidade de Estradas do Estado en Lugo, situada na Rolda da Muralla, e na Demarcación de Estradas na Coruña, na rúa Antonio Machado. Os expropiados están citados para o día 3 de xuño na casa do concello de Outeiro de Rei.

Xa está aberto o prazo de inscrición para o campamento urbano e de multiaventura

O Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para o campamento urbano que se realizarán do 5 ao 9 de xullo para os nenos de 2º a 6º de primaria e do multiaventura do 28 ao 30 de xuño para os rapaces de 1º a 4º da ESO.

O urbano conta con 30 prazas dispoñibles e o multiaventura será en Viveiro e terá 20 prazas. Todas elas cubriranse por riguroso orde de solicitude, tendo preferencia os nenos empadroados no municipio e os alumnos do colexio con respecto aos de fóra.

O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 31 de maio ou ata cubrir prazas. Pode reservarse a estada nas oficinas municipais da Casa da Cultura de 10 a 14.30 horas ou chamando ao 982 39 34 08.



Unha imaxe do último campamento

A realización das actividades previstas ou a posible modificación das mesmas queda supeditada a posibles imprevistos que poidan xurdir pola situación sanitaria da covid-19. É obrigatorio o uso de máscara nas actividades.

O Pleno rexeita a proposta de reinvertir a recadación no rural

O BNG de Outeiro levou ao Pleno unha proposta onde se demandaba que os próximos orzamentos contemplasen os máis de 500.000€ que vai recadar o Concello coa nova valoración que fan das fincas situadas nos núcleos rurais.

Na mesma proposta tamén se solicitaba que estes cartos recadados a maiores se habilitaran partidas para levar o saneamento aos núcleos rurais do concello, xa que se as súas fincas van pagar como se fosen urbanas, deberían ter tamén o servizo destas fincas urbanas, como contempla ademais a propia lei urbanística da Xunta na definición de finca urbana. “Parécenos unha proposta moi razoable, pois hai que ter en conta que neste momento este servizo chega a pouco máis que ás áreas urbanas da vila e ás urbanizacións, carecendo del a gran maioría do concello, sendo unha das cuestións máis demandadas pola veciñanza” continuou dicindo Xosé Ferreiro.

O alcalde votou en contra da proposta do BNG aínda a sabendo que era xusta, pois necesita os cartos para “tapar” o burato económico ao que sumiu o concello nos últimos anos, levando a cabo obras “faraónicas” que ninguén solicitaba, contratacións de persoal completamente esaxeradas ou subidas de salario a persoas puntuais que non se sosteñen. “É unha decisión política: Pódense usar estes cartos para dotar deste servizo a unha boa parte da poboación que vive no rural ou pódese seguir a contratar persoal sen control e facer obras moi custosas que non teñen ningún sentido. Esa é a decisión política que tomou hoxe o alcalde”, rematou dicindo o concelleiro do BNG.

OUTROS ASUNTOS DO PLENO. No Pleno tamén foi aprobada a ordenanza municipal reguladora do uso de zoas verdes e áreas recreativas do Concello de Outeiro de Rei. O debate comezou coa mención da



Unha vista do Pleno

área recreativa de Santa Isabel, lugar de uso público que actualmente está necesitado de certa vixilancia/control. Propúxose a creación dun abono, con desconto para os cidadáns de Outeiro de Rei, para o estacionamento no parking da área recreativa xa mencionada. Este abono será único pero cubrirá todos os vehículos dunha mesma unidade familiar. Os partidos tamén deron conta da necesidade de establecer un permiso exclusivo para residentes das zonas

colindantes, punto no cal todos están de acordo. A votación rematou con 9 votos a favor e 3 abstencións. Ademais, por unanimidade aprobouse a renuncia do concelleiro Francisco Xabier Molinos Campos e a moción socialista na que se pedía revisar a hora das sesións para facilitar o acceso aos plenos tanto aos concelleiros que teñen traballo e non se dedican tan só á política, como a todos os cidadáns posibles que desexen participar nestes.

O BNG “indignado” pola devolución dunha subvención

Dende o BNG vense de manifestar “a súa indignación” ao ser coñecedores de que o concello de Outeiro tivo que devolver á Xunta máis da metade dunha subvención de 12.000 euros que tiña concedida, dado que o importe do custe do servizo xa fora cuberto coas taxas que lles cobra ás persoas usuarias. Concretamente, do total dos 12.000€, o concello xa recibida o Concello como adianto 9.000 €, tendo aínda así que devolver máis de 3.000 deses porque non se podían xustificar os gastos, pois loxicamente a Xunta non pode subvencionar o custe dun servizo, unha vez que este está cuberto coas aportacións en forma de taxas das persoas usuarias. En total, o

que tivo de devolver e o que deixou de percibir suman 6.660 euros.

“A cuestión é moi clara, o alcalde multiplicou as taxas que cobra a este servizo, preferindo que o pagase a xente de Outeiro antes que gastar os cartos da subvención que lle daba a Xunta a tal efecto. Simplemente, non o podemos entender...”, continuou o concelleiro do BNG.

“Hai que lembrar que só no último ano o concello subiu un 20% a taxa da auga, un 40% a do lixo, recalificou cun auténtico catastrazo todas as parcelas que están nos núcleos rurais (pola que vai recadar máis de 500.000€) e creou unha taxa de retirada de árbores cando caen ás pistas municipais”, din.

Xa hai gañadores do concurso de videopoemas da casa Manuel María

Eloi Zabala González, do IES do Milladoiro, co videopoema *Cando xa non haxa*, e Pablo Araujo Rodríguez, do CPI Julia Becerra Malvar de Ribadumia, co videopoema *Cando penso que te fuches*, veñen de seren os gañadores da IVª edición do Concur-

so de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María. Os premios foron entregados, na mañá do sábado durante o acto en que se expuxeron os traballos finalistas desta edición.

O xurado tamén outorgou unha mención de honra ao videopoema Desexo III, realizado polas alumnas do IES Sanxenxo de Portonovo, Marta González Bermúdez, Lucía Sanmartín Fraga, Clara Sueiro Figueiras, Ainara Vidal Domínguez e Érika Torres Miniño.

guntín

Chega ao Congreso a petición de arranxo urxente da N-540

O Bloque Nacionalista Galego presentará no Congreso dos Deputados iniciativas para mellorar a seguranza viaria e a mobilidade da N-540, facendo fincapé no estado actual ao seu paso por Guntín.

O BNG xa ten presentado iniciativas ao respecto, no que recentemente foron a través das emendas aos Orzamentos Xerais do Estado que, "lamentablemente foron votadas en contra pola maioría de Goberno de PSOE e Podemos" apunta o deputado Néstor Rego. Precisamente, por iso, o BNG segue insistindo e anuncia novas iniciativas no Congreso para arranxar o pavimento desta vía que é crucial para as localidades do centro e o sur da provincia de Lugo, e para a conexión das cidades de Lugo e Ourense.

"É unha demanda que podemos xa considerar histórica, que nin PP nin PSOE e Podemos están a levar adiante cando teñen responsabilidades de goberno" lembrou Néstor Rego. "A estrada atópase cun firme



Unha imaxe da estrada ao seu paso por Guntín

gravemente deteriorado e conta cun tráfico alto, sobre todo de vehículos pesados e de particulares, feito que supón un grave perigo para todas as persoas que transitan diariamente por ela" declarou o deputado.

Neste sentido, o deputado da cámara baixa fixo fincapé en que "o estado actual da vila de Guntín referido ao mal estado da sinalización de tráfico, agrava aínda máis a inseguri-

dade, xa que todos os pasos peonís están desfeitos, poñendo en risco a todas as persoas que transitan pola propia vila" dixo Néstor Rego.

Por outra banda, os populares, tal e como anunciaron no treito que atravesaba o núcleo urbano guntinense, plantexarán o seu arranxo inmediato na Cámara Alta e no Parlamento de Galicia, a través de varias iniciativas que xa rexistraron con este fin.

A CHMS limpa os ríos Neira e Seco no Corgo e Guntín

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) realizou traballos na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo. Estas actuacións están incluídas na conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil para 2021, nos que o Goberno de España investirá che máis de 3,9 millóns de euros. Así, actuou nos ríos Miño na Pastoriza; no Neira ao seu paso polo Corgo e O Páramo; e en río Seco en Guntín. Máis concretamente, no río Neira, cuxo tramo de actuación comprende unha lonxitude total de 1 km, desde augas arriba do Sistema Automático de Información Hidrolóxica – SAIH-ata a desembocadura no río Miño, mellorase a conectividade lonxitudinal do leito en todo o tramo de actuación; Tamén se retirarán aqueles tapóns illados que se atopan ao longo do mesmo.

No río Seco, procédese á retirada de varias árbores caídas que están a xerar un cúmulo de restos vexetais nas inmediacións dunha obra de paso da estrada LU-612.

En todos os tramos, ademais, realízanse rozas selectivas de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas e curta sanitaria de pés secos para evitar tapóns en infraestruturas de paso; así como na retirada de residuos sólidos urbanos presentes no leito.

Acondicionaranse espazos deportivos e medioambientais



Instalacións deportivas das piscinas

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, avanzoulle á alcaldesa de Guntín, María José Gómez, que o seu departamento estudará as posibilidades para colaborar en proxectos de acondicionamento e mellora dos espazos medioambientais e deportivos.

A conselleira e a alcaldesa mantiveron unha reunión na que repasaron os proxectos de interese para o municipio, que quere impulsar dous proxectos que habiliten espazos de encontro

para os veciños.

Segundo trasladou a rexedora, o Concello quere facer unha reforma nas instalacións deportivas para mellorar este tipo de servizos e habilitar espazos nos que os veciños poidan levar a cabo unha actividade deportiva e unha vida activa con todas as garantías. Así mesmo, tamén será necesario mellorar a urbanización e a accesibilidade a este tipo de centros ou instalacións deportivas, traballos que permitirán definir zonas de encontro para os veciños.

portomarín

O centro de visitantes estará listo no verán



Castromaior, un dos maiores castros de Galicia

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana está a executar no municipio, cun investimento de case medio millón de euros dous proxectos, incluídos no programa de intervencións de interese cultural no Camiño Francés, e que se prevén rematar antes do verán.

Por unha banda, estase a rehabilitar o Pazo do Xeneral Paredes, que ten un presuposto de 156.494 euros, e a construción do Centro de visitantes en Castromaior, tamén financiado integramente polo Goberno e que supón un investimento total de 312.979 euros.

O Pazo do Xeneral Paredes ou casa do Conde da Maza, chamado antigamente Casa Grande, é un edificio singular situado a carón da Casa do Concello. Data do século

XVI e foi propiedade do Conde de Taboada.

As obras que se están a realizar teñen por obxecto a rehabilitación do inmovible para acondicionalo coa finalidade de albergar un centro sociocultural, no que os veciños poidan realizar diversas actividades tal como ten previsto o Concello.

Pola súa banda, o núcleo de Castromaior alberga un dos maiores castros de Galicia. Se ben orixinalmente o Camiño de Santiago atravesaba o castro, hoxe o seu trazado discorre paralelo á estrada nacional con evidente risco para os peregrinos. Esta actuación propón retomar o trazado orixinal, mediante a execución dunha pequena instalación de recepción e información para os visitantes.

A Deputación envía o Estatuto de Autonomía ao alcalde

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, cumpriu co seu compromiso de enviarlle un exemplar do Estatuto de Autonomía ao alcalde de Portomarín, Juan Serrano, logo de que neste curso escolar varias familias da localidade víranse prexudicadas pola falta dunha liña de autobús axeitada ás necesidades do estudantado. A Xunta de Galicia desdobrou as quendas de Secundaria para adaptarse aos protocolos da Covid-19, pero non adaptou o transporte, co consecuente trastorno para o alumnado. O rexedor propuxo entón que Concello e Deputación asumisen o gasto que lle correspondía ao goberno galego. Tomé amosouse disposto a facerlle chegar ao responsable local un exemplar do Estatuto, aproveitando o 40 aniversario da norma, para que comprobábase que as competencias son da administración autonómi-

ca e remitiullo xunto cunha carta na que insiste en que é a Xunta a que ten que resolver o problema que creou.

Na misiva, Tomé insiste en que "ambos traballamos polo benestar dos nosos veciños e veciñas. E sempre resulta tentador aparecer como a varita máxica capaz de conxurar un taxi cando a Xunta non quere mandar o autobús. Pero se queremos de verdade defender aos veciños e veciñas, cómpre que reclamemos os orzamentos precisos para facelo. Que loitemos para que, despois de 40 anos de desenvolvemento do Estatuto, traballemos agora en garantir a autonomía local. Delimitando as competencias e asegurando unha achega de fondos suficientes aportados dun xeito claro, transparente e determinado por criterios obxectivos, alleos a calquera consideración partidista".

En xuño comeza a tramitación para ampliar o parque empresarial

No próximo mes de xuño iniciárase a tramitación do proxecto de interese autonómico (PIA) da ampliación do parque empresarial de O Corgo (Lugo) e en 2022 iniciáranse as obras de urbanización da ampliación, segundo se anunciou onte.

Así pois, sinalouse que “a previsión é licitar as obras en 2022, para que en 2023 rematen os traballos de urbanización da ampliación do parque empresarial e se poñan as parcelas a disposición das empresas interesadas”.

Na actualidade o IGVS traballa en tres vías diferentes na ampliación do parque empresarial. Dunha parte, estase a avanzar na modificación do Plan sectorial de Ordenación de Áreas Empre-

sariais de Galicia para axustar o ámbito do parque no mesmo. Doutra, estanse a realizar os traballos técnicos que permitirán a ampliación do parque empresarial e, finalmente, estase a colaborar co Concello do Corgo para garantir as conexións exteriores do ámbito.

O orzamento de Xestur para 2021 inclúe unha partida de 200.000 euros para a execución de traballos técnicos e a adquisición de terreos. Neste sentido, iniciárase proximamente una fase de adquisición de solo en mutuo acordo aos propietarios do mesmo, na procura de axilizar o desenvolvemento do ámbito. A superficie total da ampliación acadará os 201.703 metros cadrados.

En marcha un proxecto para recuperar a súa tradición oral

O Concello do Corgo tenta loitar contra o esquecemento da tradición oral coa posta en marcha de Corgoral, un proxecto de recollida de literatura de tradición oral e patrimonio cultural inmaterial.

A iniciativa partiu dunha iniciativa do BNG que fora aprobada por unanimidade hai xa catro anos ante a necesidade de salvagardar a memoria e os saberes de toda unha xeración. O pasado verán, o Concello convocou un concurso para elixir ao perfil máis axeitado para poñer en marcha o proxecto. Optouse por Lois Ladra, antropólogo e arqueólogo.

A actual situación sanitaria obrigou a Lois Ladra a reformular o proxecto Corgoral, que botará a andar en febreiro no Ceip Plurilingüe do Corgo. Para evitar riscos ás persoas, serán os propios alumnos e alumnas deste centro quen realicen as entrevistas no contexto da unidade familiar. O mes de febreiro estará adicado aos contos; o de marzo, ás lendas; o de abril, ás cantigas e o de maio, aos refráns e adiviñas.

As entrevistas dos nenos serán gravadas para que Ladra poida revisalas e plantexar entrevistas con maior profundidade nun futuro.

Adif investirá na modernización da estación de tren de Laxosa

Adif vén de aprobar a licitación das obras de tratamento de plataformas e cruces entre plataformas en catro estacións do tramo Monforte de Lemos-Lugo, da liña convencional León-A Coruña, por un importe de 4.423.130,56 euros. Os traballos forman parte dos proxectos de modernización do tramo Monforte-Lugo e permitirán mellorar a seguridade de circulacións e usuarios. Á súa vez servirán para adaptar os elementos obxecto deste contrato ás novas condicións de explotación que traerá consigo a electrificación

a 25 kV do tramo Monforte-Lugo. O proxecto define as actuacións necesarias en plataformas, pasos inferiores e outras estruturas das estacións de Rubián, Oural, Sarria e Laxosa, na provincia de Lugo. O obxectivo é adecuar as estacións aos requirimentos técnicos e de interoperabilidade da normativa en vigor, en especial no relativo aos cruces de vías entre plataformas, mellorando as condicións de explotación da liña e potenciando a competitividade da rede ferroviaria galega.

O PSOE demanda maiores axudas para o tecido empresarial local

O voceiro do PsdeG-PSOE do Corgo, Francisco Otero Besteiro avanzou que defendeu unha moción, na pasada sesión plenaria, para demandar ao concello “que se implique nas axudas ao tecido empresarial da vila, co fin de que exima ós negocios de hostaleira, xunto co resto do tecido comercial do concello, do pago do recibo de auga, lixo e de saneamento”. “Incomprensiblemente esta proposta foi rexeitada polo Goberno Municipal, ademais de contar co voto en contra do propio Alcalde, que exerceu o seu voto de calidade nesta ocasión”, replicou o voceiro. Otero Besteiro lembrou que “na nosa provincia a maioría de concellos impulsaron e aprobaron iniciativas neste sentido sobre o exención do pago destes recibos. Por iso agora é o alcalde e todo o seu Goberno o que debe dar explicacións a tódolos afectados”, insistiu.

O voceiro argumentou ademais que a Agrupación Socialista do Corgo propuxo en distintas ocasións a través de varias iniciativas, axudas económicas para tódolos afectados, “e sempre vamos a seguir defendendo propostas nese sentido, co fin de que contribúan a dinamizar o tecido



Polígono empresarial do Corgo

económico e o pequeno comercio da nosa vila. Por iso queremos lembrar que tamén recibimos queixas do pequeno comercio local e dos hostaleiros, xa que non puideron acceder a outro paquete de axudas económicas que aprobou o Concello polos inconvenientes burocráticos para xustificar as axudas económicas”, advertiu.

OUTRAS PROPOSTAS. Nesta sesión plenaria debatéronse outras propostas socialistas para que o Concello “inste aos operadores telefónicos para que doten o noso Concello dunha mellor infraestrutura para conse-

guir unha mellor cobertura e un bo servizo. E tamén para que o Concello solvente e revise as avarías nos repetidores da televisión ou si se require a colocación de antenas especiais, co fin de mellorar a cobertura da tv e da telefonía”. No apartado de rogos o Grupo Socialista reclamou ao Concello “que proceda de inmediato a limpeza de cunetas e tubos coa maior celeridade posible”.

Otero Besteiro solicitou tamén “que se coloquen na N-VI unha sinal indicativa coa ubicación das farmacias, centro de día, centro sociocultural e punto de atención a infancia, entre outros”.

Contratan a mellora da vía que une o Concello con Castroverde

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou o contrato coa empresa Construcciones Rafer, S.L. para a execución das obras de ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-1201, no tramo que une os núcleos de Coto, en O Corgo, e San Agustín, en Castroverde. Tomé Roca explica que a institución provincial investirá 378.000€ nestas obras coas que se dobrará o ancho da estrada, pasando dos 4,5 metros aos 7 actuais.

Os traballos que mellorarán 1,5 quilómetros, entre os núcleos de Coto -no Corgo- e de Agustín -en Castroverde-, consistirán no movemento de terras, a drenaxe transversal mediante a reposición das cunetas con tubos de formigón, a pavimentación con aglomerado en quente, e a sinalización horizontal e vertical, así como o balizamento e a limpeza de cunetas. O mandatario provincial sinalou que “con estas actuacións resolvemos un problema que se arrastraba dende



A vía na que se realizarán as obras

o ano 2003, cando se expropiaron os terreos para acometer estas actuacións”. E neste sentido comentou que moitos veciños e veciñas se beneficiarán desta actuación porque se trata dunha estrada que articula os concellos de Baralla, O Corgo e Castroverde.

Está previsto que as obras comencen nas vindeiras semanas, sempre que as condicións meteorolóxicas sexan

favorables, e o prazo de execución é de 9 meses.

José Tomé lembrou que nesta mesma estrada provincial, a LU-P-1201, a Deputación rematou recentemente a mellora e ensanche doutro tramo, de máis de dous quilómetros, entre Souto de Torres e o polígono industrial de Castroverde, unhas obras que contaron cun investimento de 380.000€.

Licitadas as obras de reforma do centro educativo de Castroverde

Están en licitación das obras de reforma que acometerá no CPI de Castroverde, cun orzamento de 322.400 euros. O proxecto presentouse hoxe e está adaptado ás novas esixencias construtivas establecidas no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica de Galicia, dotado con 191 millóns de euros. As empresas interesadas poden presentar as súas ofertas ata o día 28 de maio e as obras teñen un prazo de execución de dous meses. A previsión é poder telas en marcha no verán.



CPI de Castroverde

Ademais, explicouse que a actuación ten por obxecto a substitución das carpinterías exteriores,

os falsos teitos, as luminarias e a caldeira do centro educativo. En conxunto, estas intervencións

mellorarán o illamento e a eficiencia enerxética e facilitarán a ventilación das aulas e do resto dos espazos do colexio.

No inmoble principal e no secundario cambiaranse as ventás por outras con rotura de ponte térmica, vidro illante e cámara de aire intermedia, e renovaranse as persianas. Ademais, nos tres edificios substituiranse as luminarias por equipos de tecnoloxía LED con regulación de luz e detectores de presenza en zonas comúns. Tamén se instalarán falsos teitos e substituirase a caldeira de gasóleo por outra nova co mesmo sistema de funcionamento.

Denuncian o desmantelamento da Oficina Agraria local

Os socialistas de Baleira e de Castroverde denuncian o “desmantelamento” que sofre a Oficina Agraria situada en Castroverde, e que tamén atende aos usuarios de Baleira.

Aseguran que, dende o mes de marzo do pasado ano, a oficina agraria está “sen técnico fixo e sen administrativo de apoio”, e que esa falta de persoal estaría a provocar “numerosas deficiencias” ás preto de 500 ex-

plotacións gandeiras que dependen dela. Falan de retrasos nas tramitacións de expedientes e subvencións, como tamén nas inspeccións, visitas ou certificacións.

O PSOE atribúe a situación da Oficina Agraria “unha vez máis, ao esquecemento que sofre o rural da provincia” e pídenlle á Xunta que cubra as necesidades dun servizo agrario “imprescindible para a comarca”.

O alcalde ameaza con denunciar ao conselleiro de Medio Rural

O alcalde de Castroverde, o socialista José María Arias, ameaza con “levar aos tribunais” ao conselleiro de Medio Rural, José González, ademais de pedir a súa dimisión, por non permitir a plantación de eucaliptos.

O rexedor asegura que o goberno local de Castroverde defende a plantación porque “é tamén un medio de vida para calquera” e asegura que o Plan Xeral de Ordenación Municipal o permite nalgúns zonas.

Censura a actitude da Xunta, pero dun xeito especial ao conselleiro do Medio Rural e ao propio presiden-



te, por “fomentar a desordenación do territorio no rural, no campo, no monte e no agro, e suma e sigue”, di Arias.

O alcalde de Castroverde criticou a José González pola súa recente visita a Baralla e dicir que fará “unha moratoria de dous meses para que todo o mundo ande co sacho plantando eucaliptos onde non se pode”. Para Arias, “non pode ser que haxa zonas masificadas cun 90 por cento de eucaliptos e agora veñan a Castroverde prohibilos”.

Neste senso, aposta por “poñer unha taxa en toda Galicia” para protexer as carballeiras, “en lugar de anunciar que se denunciará cando se vexa a alguén plantar”, remata.

O Concello acollerá en xullo e agosto un campamento de verán

O Concello de Castroverde organiza un campamento de verán todo o mes de xullo e agosto dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos. As instalacións onde se levarán a cabo as actividades serán no pavillón polideportivo de Castroverde e na área recreativa da Veiga do Olmo, entre outras. O horario será de luns a venres de 8:00 a 14:00, sendo de 8:00 a 10:30 horas a entrada dos nenos e nenas no pavillón e o horario de saída entre as 13:30 e as 14:00 horas no mesmo sitio (a non ser que os monitores indiquen un lugar distinto). As inscricións realizaranse nas ofici-

nas do Concello de Castroverde de 9:00 a 14:00 horas. Deberán aportar tamén unha foto do neno/a no momento de rexistrar a solicitude. Admitiranse como máximo 50 nenos/as por quincena. A admisión realizarase por orde de entrada de solicitudes no rexistro do Concello rematando o prazo de entrega de solicitudes o 31 de maio. Unha vez que finalice o prazo de inscrición o Concello poñeráse en contacto coas familias dos nenos/as inscritos/as para indicarlles se foron aceptados ou non no campamento. No caso de que foron aceptados requiriráselles que realicen o pago correspon-

dente dentro do período de tempo que se lles indicará.

O custo por cada neno/a será de 120 €/mes. Os nenos/as que leven empadroados no municipio de Castroverde como mínimo 3 meses antes do inicio do prazo de inscrición terán unha subvención do concello do 50 % polo que neste caso a inscrición por cada neno custaría 60 €/mes. Pagarase a metade do que corresponda se só se inscribe durante unha quincena.

Para máis información podese contactar co Concello no número de teléfono 982 31 20 80 ou visitar a súa páxina web.

Mosteiro acollerá en xuño e xullo senllos campus deportivos



O Concello de Pol, en colaboración coa APSX Sagrado Corazón e o club Emevé, organizan para os días 23, 24, 25, 28, 29 e 30 de xuño e 1 e 2 de xullo un campus de multideporte que se desenvolverá entre Mosteiro e Lugo.

Este celebrárase nas instalacións da área deportiva de Pol e está dirixido para nenos nados entre o 2009 e 2015. O campus será de 10 a 19.30 horas con almorzo, comida e merenda incluídos, e haberá servizo de transporte gratuíto.

Serán catro campus a celebrar de maneira simultánea, de fútbol, fútbol sala, pádel e básquet e a maiores haberá actividades conxuntas como excursións, piscina, visitas, tiro con arco.. Todos os monitores son titulados nas súas disciplinas, e en tempo libre e socorrismo.

A inscrición ten un prezo de 100 euros, con desconto do 50% para os nenos empadroados en Pol, e 60% para irmáns. Coa inscrición entregárase aos nenos un pack con roupa deportiva que inclúe dúas camisetas, dous pantalóns e unha gorra.

A folia de inscrición deberá ser en-

tregada ao responsable de deportes de cada colexio ou club ou enviala a ajsc_lugo@hotmail.com antes do 11 de xuño.

Para máis información haberá que poñerse en contacto con Alberto ou Rubén nos teléfonos 628 857 935 e 626 765 574.

BALONCESTO. A continuación, do 4 ao 11 de xullo, terá lugar a I Edición de Campus KingTela. Unha semana repleta de moito baloncesto, un equipo técnico de primeiro nivel, xogadores profesionais, actividades, noites temáticas, competicións, piscina... e dos irmáns Erik e Sergi Quintela, así como de Fernán Varela, Adrián Chapela e Pablo Abuín. Ademais haberá fisioterapeuta, seguro e enfermería, e un servizo de bus entre Lugo e Mosteiro.

O campus conta con tres modalidades, interno, externo King e externo, con prezos entre os 430 e 260 euros. O campus terá descontos de 20 euros a irmáns, a socios do CB Breogán un 5%, e se se pertence ao un Club King. Haberá agasallos como a equipación completa.

DEPORTES

Lugo acollerá en maio unha proba da Copa de España de Mototurismo

Lugo acollerá, o vindeiro 29 de maio, unha proba puntuable para a Copa de España de Mototurismo, segundo informou a Asociación Motorista Lucense (AML).

A Federación Española de Motociclismo vén de lle confirmar ao colectivo a data para a celebración desta proba, baixo a denominación 'Ruta Castrexa', que consiste nun roteiro de 400 quilómetros, con saída e chegada na capital lucense.

Lugo recupera deste xeito a competición motociclista, 35 anos despois da última proba. Se ben, neste caso non se trata dunha proba de velocidade. "Consiste en andar en moto e en gozar", explica o voceiro da asociación, Manolo Arias.

As persoas interesadas en participar na proba, poden inscribirse a través da páxina web da Asociación Motorista Lucense ou chamando ao teléfono 644 724 913.

A Copa de España de Mototurismo é un campionato que percorre toda a xeografía nacional e que serve, ao mesmo tempo, para a promoción turística das zonas polas que pasa.

Chega no mes de xuño o VIII Master de pesca a mosca por parellas do río Miño



O próximo 5 de xuño de 2021 celébrase o VIII Master de pesca a mosca por parellas no coto de Ombreiro do río Miño en Lugo. As prazas son limitadas e o prezo da inscrición é de 50 euros por parella. A organización correrá a cargo do Clube Os Troiteiros xunto co Mesón de Suso de Ombreiro.

Para calquera dúbida o número de contacto é 606 318 225.

Río Breogán, nova denominación do equipo

Río Breogán é a nova denominación do equipo de baloncesto lucense que loita polo ascenso á ACB. Segundo explicaron desde o club, o equipo súmase deste xeito ao lema 'Actitude Río' do seu patrocinador, "que enxalza o esforzo, o espírito de superación e o traballo en equipo".

O Breogán e Leite Río levan máis de tres décadas de relación, o que

converte á láctea galega nunha das marcas patrocinadoras máis lonxevos do baloncesto en España.

Xogadores, técnicos e empresa patrocinadora déronse cita no Pazo dos Deportes para realizar a foto de familia coa que presentaron a nova imaxe, Río Breogán, que acompañará ao club desde agora ao tramo final e decisivo da tempada.

A nadadora lucense Ana Cernadas foi seleccionada para o Campionato de Europa



A nadadora Ana Cernadas

A nadadora do Club Fluvial de Lugo Ana Cernadas vén de ser seleccionada pola Real Federación Española de Natación para competir no Campionato de Europa Júnior, que se vai celebrar en Roma desde o 6 ao 11 de xuño.

A deportista, de 17 anos, estará no certame europeo despois dos éxitos acadados no Campionato de España Open Absoluto e Jú-

nior, celebrado a pasada semana en Sabadell.

Nesa cita, Ana Cernadas conseguiu unha medalla de bronce nos 100 metros espalda, un récord galego e fixo a mellor marca galega nos 200 metros espalda.

Cernadas será a primeira nadadora do Club fluvial lucense que participará nun campionato Europeo Júnior.



CAMPIOA DOS 1.000 METROS. Novo e espectacular éxito da atleta lucense Xela Martínez, da Escola Atlética Lucense, que vén de proclamarse campioa de España de pista cuberta na pista dos 1.000 metros lisos da categoría sub-16. Xela Martínez conseguía impoñerse con un tempo de 2.49.81 minutos, o que supón casi dous segundos menos que o anterior récord, que ostentaba a atleta Mireia Arnediyo.

Frigsa contará con dúas pistas de tenis cubertas

Os traballos de cubrición de dúas novas pistas de tenis de Frigsa atópanse xa tan avanzados que o goberno local agarda poder reabrir as instalacións proximamente.

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, acompañada polos edís Miguel Fernández e Mauricio Repetto, supervisou as obras que, dende o mes de xaneiro, está a desenvolver a empresa Sport Equipalia, adjudicataria do contrato.

Unha intervención que, como a propia rexedora subliñou, "pretende protexer das inclemencias meteorolóxicas dúas das catro pistas existentes neste complexo deportivo, concretamente as ubicadas máis ao norte, para incrementar a súa funcionalidade durante todo o ano".

Os labores inclúen a colocación dunha estrutura a base de perfís laminados na que se empregaron, como elemento de cubrición, pranchas de panel sándwich de 30 mm de espesor. Igualmente, todo o cerramento

exterior vai tapado de forma íntegra con chapa de tipo minionda de aceiro galvanizado, lacada en cor, que se fixa á superficie portante.

Trátase dunha actuación na que o Concello investe 296.159 euros e coa que se incrementarán os equipamentos a disposición das e dos lucenses que, logo da reforma, poderán contar así cun total de dúas canchas a cuberto, outra pechada e dúas máis ao aire libre.

"Unha mellora que pon de manifesto non só a vontade e o compromiso deste goberno por aumentar as dotacións de lecer e esparexemento do municipio senón tamén por fomentar a práctica do exercicio e promover pautas de vida saudable entre a poboación, especialmente na mocidade, ao tempo que atendemos as demandas que nos achega a veciñanza xa que o tenis é unha das modalidades deportivas que conta con máis afeccionados na nosa cidade", destacou a rexedora.

Vilariño, no campionato europeo de rally en xuño



O piloto Luis Vilariño competirá no campionato europeo de rally, o FIA European Rally Championship (ERC), a competición de automobilismo máis importante despois do mundial.

Será a primeira vez que un equipo galego afronte integramente o campionato, un proxecto deportivo que conta co apoio da área de Deportes da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O piloto de Palas, que xa puxo a proba o Skoda Fabia R5 Evo 2 en carreiras do Supercampionato de España, participará nas oito probas do campionato europeo, en sete países: Portugal, Polonia, Letonia, Italia, República Checa, Hungría e

España. A primeira cita será o vindeiro 18 de xuño en Polonia, tras a suspensión do Rally das Azores previsto para este mes de maio e adiado ao outono.

Vilariño sinalou o "reto deportivo e loxístico" que supón acudir a estes eventos e agradeceu a colaboración da área de Deportes para afrontalo. "É un proxecto a dous anos. Neste primeiro, o obxectivo fundamental é coñecer todos os rallyes e, de cara ao ano que ven, intentaremos estar preto dos postos de cabeza nalguna proba", apuntou o piloto, que corre acompañado por Álex Noriega, con Óscar Vázquez como director de equipo e Óscar López como xefe de mecánicos.

“O Club Fluvial corre o risco de perder a concesión da Confederación por inacción da directiva”

Anxo Xosé García Dopico, ex membro da directiva do ente social de Lugo, expulsado xunto a outros socios

Anxo Xosé García Dopico foi socio do Club Fluvial ata fai poucos meses, afirma que foi expulsado xunto a outros socios de forma irregular polo mero feito de ter opinións críticas e diverxentes da actual directiva e concretamente do seu actual presidente.

Cales son os principais problemas, segundo a súa opinión, que está a atravesar o Club Fluvial de Lugo?

Desde fai tempo eu e uns cantos compañeiros, moitos deles aínda socios, vimos cuestionando a xestión do actual equipo directivo do Fluvial. Son varios os puntos nos que cremos que os intereses do Club non están sendo defendidos de forma correcta, para min os problemas máis importantes que afronta na actualidade son por un lado a renovación da concesión de ocupación da Confederación Hidrográfica e por outra banda a posible sanción que pode recibir o Club polas obras feitas segundo teño entendido sen licencia e incumprindo diferentes normativas.

Cando toca a renovación de concesión entón?

Pois tería que terse executado xa fai tempo, de feito a actual licenza da Confederación venceu no

agora, estamos falando de varios milleiros de familias da cidade, somos a terceira entidade de Galicia por número de socios. Sería increíble que por culpa dunha directiva poda acabar en mans privadas o dominio que leva desde décadas pertencendo ao Club Fluvial. Por desgraza isto pode acontecer.

E sobre que o Club pode ser sancionado, cales son as obras que menciona?

A directiva do Club Fluvial acometeu unhas obras con vistas a aumentar o incremento de prazas e aparcadoiro, pero executounas ao carón do río. A idea inicial de esta actividade era mellorar o estado do aparcadoiro existente arranxando fochancas e en todo caso tratábase de obras menores. Finalmente o que executaron foi unha obra de bastante magnitude onde se pavimentaron zonas da marxe do río sen as autorizacións da Confederación e ata se chegaron a talar árbores da denominada zona de policía do ría, que para que nos entendamos son os 5 metros máis próximos o río. Realmente resulta escandaloso ver como se asfaltou ata o mesmo río, danando un ecosistema fráxil como o alí presente.

Entón vostede asevera que a directiva ordenou facer unhas obras das que carecía de licenzas? En que se basea para poder afirmar unha acusación tan grave?

Pois teño coñecemento de que existen senllas denuncias presentadas tanto por Seprona coma por Adegas ante a Confederación Hidrográfica, e esta iniciou un expediente sancionador. Como membro que fun durante moitos anos, e que seguiría sendo se non fose expulsado sinto unha profunda pena en que o Fluvial poda ser sancionado por culpa dunha directiva que pensa que está por riba da lei, e que no utilizando o nome do club realizou unhas que danaron o medio ambiente e por riba non cumpriron tan sequera a legalidade vixente.

Cales poden ser as consecuencias para o Club Fluvial?

Pois se a Confederación estima finalmente que se realizaron as obras sen as autorizacións pertinentes, pode chegar a sancionar a entidade, e as sancións de este tipo soen levar multas de importante contía. Tamén acontece moitas veces que soen obrigar a repoñer o estado anterior a zona

afectada. En resumo, o club pode ter que pagar unha multa elevada, pagou por unhas obras e agora pode ter que volver pagar outras obras para desfacer o que fixo mal.

Pero non acaba a problemática de incumprimentos coa Confederación, esas reformas, a zona onde se fixeron está igualmente afectada polo Camiño de Santiago e por tanto depende das determinacións técnicas que ditamine Patrimonio da Xunta e finalmente están tamén afectadas ao que determine o Concello de Lugo en función das súas competencias en materia urbanística. Pode ter non unha senón varias sancións admi-



De arriba a abaixo, Anxo Xosé García Dopico, o aparcamento do Club Fluvial e unha vista do mesmo

“Teño coñecemento de que existen senllas denuncias presentadas por Seprona e Adegas”

2018. Hoxe case tres anos despois aínda non temos a licenza. O pero de todo é que incluso a Confederación requiriu o Club Fluvial diferente documentación e este por falta de inacción non contestou deixando a entidade nunha situación irregular.

Que pode implicar que non se resolva pronto este problema?

O que moita xente non sabe é, que no 2019 unha empresa que xestiona instalacións deportivas tentou facerse coa licenza. En base a criterios técnicos a Confederación denegoulles a posibilidade de facerse con ela. Imaxínese que se outorga a licenza a unha entidade e os miles de socios do fluvial, que pertencen a esta histórica asociación, quedan sen o dereito a poder desfrutar de todos os beneficios que temos ata

nistrativas. Penso que o conxunto do Club non ten porque sufrir o que eu entendo que é unha irresponsabilidade da directiva e do seu presidente absoluta, e deben explicar isto a masa social e cesar das súas responsabilidades.

Entón que propón como solución?

Pois teño coñecemento de que existen sendas denuncias presentadas tanto por Seprona coma por Adegas ante a Confederación

Hidrográfica, e esta iniciou un expediente sancionador. Esixo que o actual presidente cese das funcións ao igual que a directiva, e mentres non se celebre asemblea para escoller a nova directiva que se nomee unha xestora. Esta xestora o primeiro que debe facer e solucionar todos estes problemas e desde o primeiro momento contratar unha auditoría que diga como está exactamente o Club, pois vimos observando unha falta de transparencia nos últimos anos enorme. De feito a auditoría

tamén servirá para ver o estado real das contas, nos últimos anos vense observando unha diminución do patrimonio neto da entidade preocupante, sen embargo as débedas aumentaron e xa debemos máis de 2 millóns de euros segundo as contas presentadas no Rexistro Mercantil correspondentes ao 2018. Temos que entre todos volver facer do Club Fluvial de Lugo un referente en transparencia, en respecto o medio ambiente e na xestión responsable dos recursos de tódolos socios.

COLABORACIONES

A túa estrela

ENTRE CORRENTES



Luisa Aguado
Actriz e escritora

Ás veces entre perdidos e ensimesmados miramos ao futuro. Que nos fai pensar cabizbaixos que o futuro é escuro e confuso?. Tantos anos de civilización ensinaron ao ser humano que gañar ou perder está na palma da nosa man. Cada día ante cada soño, ante cada reto poderemos decidir o noso destino. Fáltanos valor, quizais?, temos coraxe? Como herdeiros de grandes pobos, íberos, celtas, romanos, visigodos, fenicios, gregos, deberiamos....O ocaso dunha civilización non indica que non haxa un novo renacer. A esperanza está oculta, escondida e visible ao virar a es-

quina. Como sucesores dos nosos devanceiros, estamos obrigados a honralos co símbolo do poder, da prosperidade, da lucidez, do carisma, da positividade e do bo facer. Somos os descendentes da raza humana que hoxe se pregunta se hai un futuro para nós e os nosos irmáns, fillos, avós. Só camiñando con esperanza, sabermos cal é o noso destino. Cando caías, volve levantarte co pensamento en positivo, coa confianza no teu corazón e repetindo cada día que si, que ti es merecedor dese gran porvir que sempre soñaras. Non penses que a túa estrela, non está para ti. Todos e cada un de nós temos unha estrela que non a podemos desaproveitar con queixas e frustracións. Só hai que estar alerta. Alerta simboliza estar a traballar, facendo, crendo e un día o revés que tanto dano che fixo volverá tomar o seu leite, como



un río que se perdeu, secouse ou desviado por esquecer eses valores e soños que che fixeron crer. Faino!, comeza de novo, unha e outra vez. Ao final serás o gañador da túa batalla, porque todos mozas e maiores teremos a oportunidade dun mundo mellor. Esa.. que mellor que esa será a túa estrela, será a vosa ESTRELA.

Humor

ELISARDO BARCALA



Corenta anos non son nada ...

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Pero vaia se son, aínda que normalmente referímonos ós vinte no canto dos corenta. Neste caso, vén a conto pola efeméride conmemorada recentemente das catro décadas da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi o seis de abril de 1981 cando o xefe do estado rubricou esta norma institucional básica na que se nos recoñecía como unha nacionalidade histórica e outorgaba a cooficialidade para a nosa lingua, ademais de conter os símbolos propios, como a bandeira, escudo e himno. Previamente a esa data, a cidadanía galega aprobara en

referendo dito Estatuto nunha fría xornada de vinte e un de decembro, cunha participación raquítica, xa que nin siquiera un tercio do electorado votou na consulta. Mais desta foi, a diferenza do acontecido no trinta e seis; o quince de xullo dese ano, o propio Castelao facía entrega en Madrid da nosa constitución, a cal fora aprobada masivamente polo pobo, que acudira de forma considerable ás urnas. Tres días máis tarde, comezaría a Guerra Civil e aí parou todo. A longa noite de pedra iniciábase coas consecuencias por todas coñecidas e sufridas, uns máis ca outros.

Corenta anos si representan un periodo notable de tempo na vida comunitaria. Estes días, os medios de comunicación describen a Galicia de hoxe comparada coa de principios dos oi-



tenta. Algúns datos non ofrecen dúbidas: De 55 centros de saúde a case 400; os hospitais multiplicaron o seu número; de haber teléfono no 30 % dos fogares á práctica totalidade; calefacción no 16 % das vivendas por 70 % de hoxe. Poderíamos seguir enunciando melloras substanciais nas infraestruturas, de todo tipo, rede viaria –do tren

mellor non falamos-, dotacións culturais, deportivas, educativas, etc. O nivel e calidade de vida do conxunto da poboación aumentou de forma exponencial. Ninguén pode negalo. E nesta positiva realidade influíu o termos a posibilidade de auto gobernarnos. Sen esa ferramenta, seguiríamos a ser parte do que os madrileños denominaban con maneiras despectivas e altivas "As Provincias" ou "A Periferia". Non imos entrar en se cumpriría dotármolos de maiores competencias ou incluso dar un paso máis ambicioso, aínda que o debate está aí e non debería esconderse. Un ten claro que o retorno ó anterior centralismo non traería resultados mellores dos que acreditamos na actualidade. Mais ese aumento xeral do benestar que, insistimos, resulta

obvio, non pode impedir realizar outras necesarias valoracións. Así, volvendo a vista catro décadas atrás, o que coñecemos como a Galicia Rural, sendo tamén beneficiaria dese avance, mudou en aspectos xa non tan exitosos. Aquelas aldeas e parroquias ateadas de cativos e rapaces, a denominada xeración baby boom, transformáronse en lugares cada vez con menos xente, onde os nenos e nenas son unha especie en extinción, a mocidade é escasa e o índice de persoas maiores non deixa de incrementarse. O destino, neste aspecto, semella desolador. Como será o conto así que pasen outros corenta anos ... Admítense e agradécense repostas e teorías á cuestión plantexada. Ou quizais, pensando nos vindeiros vinte temos de abondo. Talvez.

LETRAS GALEGAS: XELA ARIAS

A poeta que ía por diante do seu tempo e conectou coas xeracións do século XXI

Unha autora singular, que contribuíu a renovar a poesía galega dos anos 80 en temas, estilo e forma

Xela Arias Castaño naceu en Lugo o 4 de marzo de 1962 como María de los Ángeles, aínda que os seus pais inscribiron o seu nacemento en Sarria, e foi chamada Xela desde pequena.

Para cando puido revatirle a un xuíz que o seu nome privado e público era Xela, este autorizoulle o troco, e así pasou a ser Xela Arias, a escritora que todos coñecemos. Foi unha poetisa, tradutora en varias linguas, editora, e profesora galega, ligada a Edicións Xerais de Galicia, coñecida polas súas obras *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*.

VIDA. Os seus pais foron Valentín Arias López e Amparo Castaño López. As terras das familias paterna e materna estaban nas parroquias de Maside, Ortoá e Meixente (lugares da Vilerma, Barreiros e Mouzós). Foi criada en galego e estudou na Granxa de Barreiros, no Colexio Fingo de Lugo, entre os catro e os sete anos. En 1969 a familia mudouse a Vigo, por ser destinado o pai como mestre á escola de Moledo, en Sárdoma, hoxe CEIP Sárdoma-Moledo. En 1976 ingresou no Instituto Castelao do barrio do Calvario pero facendo o COU abandonou os estudos, e comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia, desde o seu nacemento en 1979, canda Xulián Maure Rivas e Roberto Pérez Pardo, primeiro como oficinista, despois en creación e investigación e de 1990 a 1996 como correctora de estilo e editora.

TRAXECTORIA. Dende 1980 publicou en xornais e revistas coma *A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Jornal de Noticias do*

Porto, Dorna, Tintimán, Carel ou Katarsis, colaborou en publicacións coma *Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza* ou *Boletín Galego de Literatura* e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega de tradución.

Participou nun recital poético nun acto contra a entrada de España na OTAN en 1982; en 1988 inscribiuse en Greenpeace; en 2002 participou nun recital en solidariedade cos afectados polo desastre do Prestige no MARCO; noutro Contra a Burla Negra, organizado por Pepe Álvarez Cáccamo e máis ela en febreiro de 2003; ese mesmo mes e ao seguinte, leu declaracións en senllas manifestacións contra a Guerra de Iraq.

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega. En 1991 rexistrou as letras para o grupo musical Desertores e retomou os seus estudos, iniciando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose en 1996 pola Universidade de Santiago de Compostela, e iniciando a especialidade en galego-portugués. En 1996 Xela Arias publica *Darío a diario*, un libro de poemas dedicado ao seu fillo, que ofrece unha visión desidealizada e ao tempo fonda e entrañable da experiencia da maternidade.

No curso 1999-2000 comezou a exercer como profesora substituta de ensino secundario, de lingua e literatura castelá, nos institutos Terra de Xallas de Santa Comba, Paralaia de Moaña, Valle-Inclán de Pontevedra, Xelmirez II de Santiago de Compostela e Valadares II de Vigo. En anos seguintes foi docente en Chapela (Redondela), A Sangri-



ña (A Guarda) e Álvaro Cunqueiro (Vigo). A súa *Poesía reunida* publicouse en novembro do ano 2018, con edición, introdución e notas de Chus Nogueira.


TRADUTORA. Comezou o seu labor como tradutora na nosa lingua co libro *Contos ó teléfono* de Gianni Rodari (1920-1980), autor italiano e gañador do premio Hans Christian Andersen. Éste, era un texto realmente atractivo para a xuventude e, sobre todo, para unha escola que comezaba a recuperar o galego como lingua de ensino. Tamén se animou co *O bosque animado* publicado en Edicións Xerais en 1987. O orixinal *El bosque animado* foi escrito por outro galego, Wenceslao Fernández Flores, en 1943. Xa no ano 1988 un equipo formado por Valentín Arias López,

pai de Xela; Xela Arias, María Xosefa Senín Fernández, X. Antón Palacio e Xavier Senín publicou *Don Quixote da Mancha*, da tradución da obra de Miguel de Cervantes. Esta foi a primeira versión en galego completa e publicada.

En 1993, viu a luz a obra de James Fenimore Cooper, *O derradeiro dos mohicanos*, a cal foi galardoada en 1994 co premio Ramón Cabanillas. No ano 2000, Xela foi quen de facer a tradución de *Drácula*, de Bram Stocker.

Máis tarde, no 2003, chegou *As bruxas* de Roald Dahl e da man de Xela e Lidia Iglesias.

Ademais, traduciu a moitos máis escritores como Carlos Oroza, Camilo Castelo Branco, Jorge Amado, Juan Farias, James Joyce, Vicenç Beltran, Jan Terlouw, Angela Carter, Charles Baudelaire e Jean Rhys.



DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A muralla, a única que se conserva completa



Alenda di que os romanos construíron a muralla para protexer non unha cidade senón un bosque, o Bosque Sacro de Augusto, en latín *Lucus Augusti*. Hoxe o bosque é un misterio, pero a muralla segue en pé desafiando ao tempo. Foi construída hai máis de 17 séculos seguindo as directrices das elegantes obras de Vitruvio, a muralla mide máis de 2 km e ten 10 portas nalgúns tramos alcanza os 7 m de ancho, e detérase nalgúns das súas 71 torres, é sentir de cerca o poder da Roma Imperial.

PORTA DE SAN FERNANDO. Actualmente denominada Porta de San Fernando foi a primeira das portas modernas. Abriuse en 1854 no lugar por onde entraba na cidade o acueducto de orixe romana. En 1858, con motivo da visita de Isabel II e os seus fillos, déuselle o nome de Porta do Príncipe Alfonso, en honra do futuro Alfonso XII, que era daquela un neno de menos dun ano. En 1962 reformouse debido a toda a poboación que se instalou no norte da cidade e a dificultade do tráfico, e decidiuse ensanchar dita porta. Con esta obra, aproveitouse para derrubar os edificios anexos á Muralla na súa parte exterior, que serían eliminados na súa totalidade catorce anos despois.

PORTA FALSA. Esta é unha das antigas portas romanas aínda que está moi modificada. Responde ao tipo de portas que os romanos chamaban *posterulae*, de uso exclusivamente militar, que se abrían asimetricamente no lenzo existen-

te entre dúas torres. A saída era unha trincheira escavada no terreo. Foi pechada durante un tempo e volveuse abrir no século XVII ao se instalar na actual praza de Ferrol o Hospital de San Bertomeu, antes situado na praza Maior.

PORTA DA ESTACIÓN. Esta abriuse en 1875 a petición dalgúns veciños para comunicar a cidade coas vías do ferrocarril. Un ano despois ampliouse derrubándose os cubos entre os que se abría, e en 1921 ampliouse máis, nunha obra que supuxo a derruba da primeira porta e a construción da actual. A escaseza de elementos ornamentais responde á precaria situación económica provocada pola primeira Guerra Mundial.

PORTA DE SAN PEDRO. Crese que esta porta xa existía en época romana e durante a Baixa Idade Media aparece nas fontes escritas como *Sancti Petri*. Tamén foi coñecida coma Porta Toletana ou Porta Toledana ao estar situada ao final do camiño procedente de Castela, e empregado sobre todo por mercadores toledanos que comerciaban na cidade. Antes da súa modificación en 1781, estaba adintelada con traves de madeira á altura dos postigos.

PORTA DO BISPO IZQUIERDO. Con motivo da inauguración do novo cárcere en 1887, fíxose necesaria a apertura desta porta para facilitar o cambio de garda e o acceso ao xulgado. Abriuse durante o século XIX e substituíu a unhas escaleiras de acceso, o que condicionou as súas dimensións de construción xa que houbo que derrubalas así como o cubo no que estaban

aloxadas, e unha pequena parte do Reduto Cristina.

PORTA DO BISPO AGUIRRE. É a cuarta porta aberta no século XIX, ano 1894, e a súa apertura debeuse ao desexo de facilitar a comunicación co novo seminario, construído por orde do Bispo Aguirre, e co antigo cemiterio. Ao abrir a porta derrubáronse dous cubos de cal apareceron lápidas romanas. Ao atravesala, pódense ver unhas pequenas portas que dan a dúas habitacións que servían de fieltos.

A PORTA DE SANTIAGO. Esta porta xa existía na época romana, e está totalmente modificada. Coñécese desde o século XII como

porta do Posticu, Porticu e Postigo, e todos estes nomes están relacionados coa existencia dunha portela encadrada dentro dunha porta máis grande. Ao principio foi unha porta privada, xa que pertenceu á Igrexa e foi empregada ata 1589 polos cóngos e os seus serventes co fin de acceder ás hortas. Esta foi a única que permaneceu aberta en tempos dapeste. Malia o seu ensanchamento en 1759 polo Bispo Izquierdo y Tavira para facilitar a entrada de carruaxes, aínda conserva a imaxe de Santiago Matamouros, e o escudo de armas do Bispo Izquierdo.

PORTA MIÑÁ OU DO CARME. É a porta de orixe romana que se con-

serva con menos modificacións. É coñecida popularmente como Porta do Carme por estar situada fronte a capela deste nome, e tamén aparece na documentación medieval como *Minei* ou *Minea*, por ser a saída natural cara ao río Miño. Seguindo os canons de Vitruvio neste tipo de fortificacións, está formada por un arco de medio punto e bóveda de canón, e protexida por dúas sólidas torres de perpiños de granito. Foi sometida a un proceso de consolidación en 1854, e tentouse o seu derrubamento para substituíla en 1870, pero a situación económica municipal non o permitiu.

PORTA DO BISPO ODOARIO. O oco abriuse en 1921, con motivo da colocación da primeira pedra do Hospital de Santa María. O alcalde Ángel López Pérez ordenou dinamitar a muralla para abrir a porta, pero fíxoo sen permiso e cinco veciños denunciaron o feito, o que deu lugar a un contencioso fallado contra o Concello. Este feito provocou que o 16 de abril dese ano o Estado declarase Monumento Nacional a Muralla de Lugo, co fin de dotala de máis protección. A nova porta foi rematada en 1928.

PORTA NOVA. Existente en época romana, era a saída da cidade cara a Brigantium ou Betanzos. Ata a construción da Porta de San Fernando foi a principal vía de comunicación da parte norte da cidade. A porta actual data do ano 1900, dado que a anterior estaba en estado ruinoso e ameazaba a seguridade dos viandantes. Para a construción desta porta nova houbo que derrubar un cubo da muralla.



1. Porta de San Fernando, 2. Porta Falsa, 3. Porta da Estación, 4. Porta de San Pedro, 5. Porta do bispo Izquierdo, 6. Porta do bispo Aguirre, 7. Porta de Santiago, 8. Porta Miñá, 9. Porta do bispo Odoario e 10. Porta Nova